

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 26

SESION ORDINARIA DO 27 DE DECEMBRO DE 2010

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velo Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota
Romero Rodríguez, Begoña

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e trece minutos do día vinteseite de decembro do ano dous mil dez, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz, Romero Rodríguez e Velo Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres.

concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello en sesión ordinaria, convocado pola orde do día do 22 de decembro que obra en poder das señoras e señores concelleiros. Ábrese sesión pública. Constátase quórum e procedemos coa orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1.- (308).- ACTAS ANTERIORES .(SESIÓN ORDINARIA DO 27.09.10)

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno que tivo lugar o día 27 de setembro de 2010.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non se realizaron.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

XESTIÓN MUNICIPAL

3.1.- (309).- SOLICITUDE DE CATALOGACIÓN COMO PÚBLICO DO CAMIÑO DO MONOLITO NA PARROQUIA DE BEMBRIVE. EXPTE. 18707/240.

ANTECEDENTES.- O xefe do Servizo de Patrimonio, coa conformidade da xefa de

S.Ordinaria 27.12.10

Réxime Interior e máis do concelleiro delegado, con data 16 de novembro emite o seguinte informe:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).
- L 33/2003 do 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- L30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- L 2/2006 do 14 de xuño, do Dereito Civil de Galicia (LDCG)
- RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).
- RDL 781/1986 do 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)
- RD 1372/1986 do 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES:

1.- D. José Carlos Davila Fernández solicita, mediante escrito con entrada no rexistro xeral do Concello de data 12 de agosto de 2009, a catalogación como público do camiño de Monolito na parroquia de Bembrive, que dá acceso a unha vivenda e outras fincas, considerando que é un camiño de paso libre dos veciños dende alomenos o ano 1930.

Achégase ó expediente diversa documentación, entre ela, as declaracións xuradas de Da. Isolina Pérez Costas e outros máis, nas que manifestan que o camiño do Monolito sempre o recordan como un camiño de tránsito continuo para o público en xeral.

2.- Na instrución do expediente emitíuse informe polo Servizo de Vías e Obras o 9 de xullo de 2010 no que sinala que está pavimentado polos veciños cunha capa continua de formigón, non constando instalados servizos públicos de abastecemento de auga, saneamento nin alumeadado, e no que os servizos municipais non fan labores de mantemento.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

1º.- O patrimonio das entidades locais de Galicia estará constituído polo conxunto de bens, dereitos e accións que lles pertencen por calquera título (art. 263 da LALG).

Os bens de dominio público veñen regulados no noso ordenamento xurídico, tanto na normativa xurídica de réxime local como en normas de dereito privado, e lexislación sectorial.

S.Ordinaria 27.12.10

Así a Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, dispón no art. 79.2 e 3, que os bens das Entidades Locais son de dominio público ou patrimoniais, resultando os de dominio público os destinados a uso ou servizo público. A Lei 5/97 do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, no art. 263, concreta como bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, fontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral dos que a conservación e policía sexan competencia da Entidade Local. Igualmente nos mesmos termos recóllese no RD 1.372/86 do 13 de xuño, do Regulamento das Entidades Locais (arts. 2 , 3 e 5).

2º- O inventario de bens e dereitos configúrase como un medio de que dispoñen as Entidades Públicas para garantir a protección e defensa do seu patrimonio e do interese xeral ao que serve. Neste senso teñen a obriga da formación dun inventario onde se rexistren todos os bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición, como se recolle no art. 32.1da LPAP, na LALG no seu art. 278, e no art. 17 do RBEL, onde se prevé que o inventario dos bens inmobles comprenderá as vías públicas cos datos necesarios para a súa individualización, límites, longura e anchura (art. 20 g), e o título en virtude do que se atribuíu a Entidade (art. 20.j)

3º.- O inventario municipal de bens e dereitos deste Concello aprobouse definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, e con referencia ó 31 de decembro de 1991, datando a súa aprobación inicial acordada polo Pleno municipal o 19.12.1992, e tendo sido sometido a información pública polo prazo regulamentario para coñecemento e formulación de todas aquelas alegacións que na defensa dos seus dereitos e intereses puideran manifestar os administrados.

Acordo plenario de aprobación definitiva que deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa e gozando da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico lle atribúe (art. 56 e 57 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común).

4º.- A inclusión de bens e dereitos nese Rexistro Municipal, tal e como dispón a normativa patrimonial de aplicación, acadarase en función daquela documentación en virtude da cal se atribúa a súa titularidade ao Concello, e conseguintemente referente os datos reflectidos no inventario, en especial os títulos de dominio, actas de deslinde e valoración, planos e fotografías, documentación que deberá archivarase de xeito separado do resto da documentación administrativa, e o seu lugar de arquivo constara consignado no propio inventario (art. 30 do RBEL).

Resultando polo tanto o inventario municipal un rexistro administrativo onde se reflicten os bens e dereitos integrantes do patrimonio municipal, a incorporación a dito patrimonio de novas vías require da concorrencia dunha titularidade pública e afectación do inmovible ao uso público.

5º.- No presente caso, segundo resulta dos datos rexistrados no inventario, non consta, no seu epígrafe I-Inmóbles, o chamado camiño do Monolito en Bembrive como de titularidade municipal, nin tampouco no epígrafe de Vías, como vía pública municipal.

A teor disto, pódese entender que a causa que no seu momento determinou a non inclusión inventarial de dereito ningún sobre o camiño controvertido, deberase atopar na ausencia dun título xurídico (títulos de dominio ou constitutivos de dereitos, actas de deslinde, etc.) nos que poder fundamentala. Circunstancia que, da documentación obrante no expediente, estímase se mantén na actualidade, ao non poder deducir acreditada, de xeito indubidable, a titularidade pública municipal sobre o mesmo, na que lexítimar a súa alta inventarial, xa que tal como se deduce do informado polo servizo de Vías e Obras, dito camiño non dispón de servizos públicos instalados, atopándose pavimentado con formigón estendido polos propios veciños e no que os servizos municipais non realizan labores de mantemento.

Neste senso, o feito alegado de que dito paso se atopa aberto ao uso dos veciños, non determina por si só unha titularidade pública municipal do camiño, que pode responder a situacións xurídicas xeradas polas propias propiedades linderais para o mellor uso e servizo das súas fincas (institucións de dereito privado como as servidumes ou *serventías*) ou dependentes doutra entidade de dereito público. Polo que en supostos como o presente, no que non constan actuacións municipais sobre ese camiño e si, pola contra, dos propios veciños ou, como manifesta o solicitante, doutras entidades públicas territoriais (Xunta de Galicia e Entidade Local Menor de Bembrive), a consideración do mesmo como vía pública municipal estímase improcedente e conseguintemente a súa alta no IMBD.

6º.- Por outra banda, o RBEL ven sinalar no seu art. 3.2 que “Sen prexuízo da vinculación do solo ao seu destino urbanístico dende a aprobación dos plans, a afectación dos inmóbles ó uso público producirase, en todo caso, no momento da cesión do dereito á administración actuante consonte a lexislación urbanística.”

Conseguintemente, a planificación urbanística das entidades locais, no exercicio competencial previsto no art. 25.2.d LRBR, para a ordenación, xestión e execución urbanística no seu territorio, resulta o medio de ordenación axeitado para a fixación dos novos vías, no que o PXOM constitúe o instrumento básico na estruturación integral do territorio, contendo as determinacións de carácter xeral, entre outras os sistemas xerais de comunicacións ou o trazado e características da rede viaria pública, que trala súa execución, recepción e adquisición polo Concello, consonte a normativa urbanística, incorporaranse á relación de vías públicas municipais.

7º.- Por todo o anteriormente exposto, e no que atinxe á infraestrutura viaria e en concreto á catalogación do camiño interesado, deberase estar ao previsto no planeamento urbanístico e ao que da súa execución resulte, aos efectos da incorporación ao patrimonio municipal de novas vías públicas e conseguinte

reflexo no inventario deste Concello.

8º.- Resulta competente para a adopción do acordo resolutorio do presente procedemento, o Pleno do Concello no exercicio das súas atribucións en materia da aprobación e rectificación do inventario municipal de bens e dereitos (artigos 278 LALG e 34 RBEL).”

Polo anteriormente exposto, o xefe do Servizo de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de decembro de 2010, ditamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar a solicitude de D. José Carlos Davila Fernández para a catalogación como público do camiño de Monolito na parroquia de Bembrive, ao non constar acreditada a súa titularidade municipal.

3.2.- (310).- AUTORIZACIÓN AO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO DE CESIÓN DO MUSEO DO MAR DE GALICIA Á CONSELLERÍA DE CULTURA DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 19014/240.

ANTECEDENTES.- O xefe do Servizo de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado, con data 26 de outubro emite o seguinte informe:

“1.- O Consorcio da Zona Franca de Vigo (CZFB), mediante escrito de data 27 de setembro de 2010, solicita autorización para ceder á Comunidade Autónoma de Galicia, para o seu destino ao Museo do Mar de Galicia, os terreos que lle foron cedidos polo Concello de Vigo en escritura pública de data 18 de xaneiro de 2000, así como das construcións que consonte ao convenio do 7 de abril de 1999 asinado pola Consellería de Cultura, o Concello de Vigo e o mesmo Consorcio, foron executadas neses terreos e conforman na actualidade o Museo do Mar de Galicia. Achegase polo CZFB copia autenticada do convenio de data 4 de xaneiro do 2007, asinado entre este e a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de

Galicia, do que trae causa a solicitude formulada.

2º.- Por acordo do Pleno municipal do 21 de xuño de 1999, ratificouse o convenio asinado entre a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo, de data 07.04.99 para o Museo Galego do Mar, acordando ceder a propiedade dos terreos e construcións municipais situadas en Alcabre, antigo matadoiro municipal, de 9.958 m2., no estado no que se atopaban, ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, coa obriga por parte deste de rematar a construción do Museo Galego do Mar.

Cesión formalizada en escritura pública do 18 de xaneiro de 2000, baixo o nº 125 do protocolo da notaria de D. José Antonio Rodríguez González.

3º.- O xefe do Departamento de Cultura do Concello, conformado polo concelleiro delegado da Area de Cultura e Animación Sociocultural, informou en data 4 de outubro de 2010 que non observa ningún inconveniente en que por parte do Concello de Vigo se acceda á solicitude do Consorcio da Zona Franca de Vigo, con obxecto de facilitar que a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia procure a titularidade do Museo do Mar de Galicia.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

1º.- O convenio asinado no ano 1999, tiña por obxecto a posta en funcionamento na parcela municipal do antigo matadoiro en Alcabre, do Museo Galego do Mar. Con dita finalidade, as entidades intervenientes conviñan a cesión gratuíta deses terreos polo Concello de Vigo a prol do CZFV, a construción e posta en funcionamento do Museo polo CZFV, que contaría co asesoramento técnico e colaboración da Consellería de Cultura, e finalmente a constitución dun padroado onde estarían representadas ditas institucións asinantes cos obxectivos e funcións sinaladas no convenio.

Nese marco, efectuouse polo Concello a cesión gratuíta ao CZFV dos terreos e construcións do antigo matadoiro municipal, levándose a cabo consonte o procedemento previsto na normativa reguladora do patrimonio das entidades locais para a cesión gratuíta dos seus bens patrimoniais, suxeito aos termos e condicións que resultan do estipulado en dito convenio, e sen prexuízo do disposto ao efecto dos prazos no Regulamento de Bens das Entidades Locais.

2º.- O Consorcio da Zona Franca presenta agora a cesión deses terreos e construcións, que conforman o actual Museo do Mar de Galicia, a prol da Comunidade Autónoma de Galicia para o seu destino pola Consellería de Cultura e Deportes ao Museo do Mar de Galicia, requirindo ao efecto o outorgamento da correspondente autorización polo Concello de Vigo que posibilite dita transmisión.

Segundo resulta do convenio do 4 de xaneiro de 2007, concertado entre a Consellería de Cultura e Deportes e o Consorcio da Zona Franca de Vigo, esta última comprometéase a realizar os trámites necesarios para a cesión a título gratuíto, libre de cargas e gravames, á Comunidade Autónoma de Galicia e para

o seu destino pola Consellería de Cultura e Deportes ao Museo do Mar de Galicia, entre outros bens e dereitos, os que foron obxecto de cesión polo Concello ao CZFV. Así mesmo, comprometéase a impulsar a modificación dos estatutos da Fundación do Museo do Mar co fin de adecuar a composición do seu Padroado á nova situación que resulta da cesión dos bens e dereitos convida, e que entre outros aspectos supoñía un aumento na representación da Xunta dentro do Padroado, ou a supresión da Presidencia de Honra que corresponda a Alcaldía-Presidencia do Concello (modificación estatutaria acadada no mes de maio de 2007).

Por outra banda, a Consellería de Cultura comprometéase a destinar todos os bens e dereitos cedidos ao Museo do Mar de Galicia.

A teor do exposto, tendo en conta que a cesión fórmulase a prol da Xunta de Galicia, administración pública que xa participou no convenio do ano 1999 para a posta en funcionamento do Museo do Mar e é membro nato da “Fundación Museo do Mar de Galicia”, cuxo obxecto primordial é a xestión e dirección do Museo, e por outra banda que ditos bens e dereitos manterán a súa afectación aos fins aos que veñen sendo adicados, non se aprecia inconveniente ningún no outorgamento por esta administración municipal da autorización interesada e conseguintemente, na sucesión na titularidade deses bens e dereitos pola Comunidade Autónoma nos mesmos termos e condicións nos que foron cedidos no seu día ao CZFV.

3º.- Resulta competente para o outorgamento da presente autorización o Pleno Municipal como órgano municipal que adoptou no seu día o acordo do 21 de xuño de 1999 ratificando o convenio asinado en data 7 de abril de 1999 entre a Consellería de Cultura, o Concello de Vigo e CZFV, e a aprobación da cesión da propiedade municipal do antigo matadoiro municipal na parroquia de Alcabre.”

Polo anteriormente exposto o xefe do Servizo de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de decembro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Conceder autorización ao Consorcio da Zona Franca de Vigo para a cesión á Comunidade Autónoma de Galicia do terreo e construcións existentes que lle foron cedidos en escritura pública do 18 de xaneiro de 2000, nas mesmas condicións e termos sinalados no convenio do 7 de abril de 1999 e para o seu

destino ó Museo do Mar de Galicia.

3.3.- (311).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. MANUEL GATO GONZÁLEZ CONTRA ACORDO DO PLENO DO 25.01.10 DE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO, RAMAL R2 DA RÚA CRUZ EN BEMBRIVE. EXPTE. 18735/240.

ANTECEDENTES.- O xefe do Servizo de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado, con data 1 de decembro, emite o seguinte informe:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- I. L 7 /1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- II. L 33/2003 do 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Publicas (LPAAPP)
- III. L 30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Publicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- IV. RDL 781/1986 do 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)
- V. RD 1372/1986 do 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES DE FEITO:

1.- D. Manuel Gato González, formula recurso de reposición o 02.06.2010 contra o acordo do Pleno Municipal do 25.01.2010 polo que se desestimou a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 16.09.2009 ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación inventarial solicitada respecto da rúa da Cruz R-2 recollido no epígrafe I de bens inmobles do Inventario municipal de bens e dereitos. Acordo que lle foi notificado ao interesado en data 3 de maio de 2010.

2º.- No seu recurso, o interesado solicita se acorde a rectificación inventarial respecto ao denominado ramal R2 da rúa Cruz en Bembrive, excluíndoo do Inventario ó estimar non axustado a dereito a súa inclusión nin o acordo desestimatorio adoptado.

3º.- Remitido para informe dos diferentes servizos municipais o recurso interposto, emitíronse os seguintes:

S.Ordinaria 27.12.10

- a) Informe do Servizo de Vías e Obras do 18.08.2010.
- b) Informe do topógrafo municipal da Xerencia de Urbanismo de data 04.08.2010.
- c) Informe do enxeñeiro técnico de Obras Públicas da Xerencia de Urbanismo do 17.11.2010.

4º.- No tramite de audiencia outorgado ás propiedades das parcelas lindeiras, na súa condición de interesados, e a Entidade Local Menor de Bembrive, formuláronse por dita Entidade Local en data 07.09.2010 manifestando que se trata dun terreo privado; e por D^a Elvira Leiros Costas e D^a Carmen Leiros Costas en data 09.09.2010, alegando a consideración pública do camiño.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1º.- Procede admitir a tramite o recurso de reposición interposto por canto se fai en tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 LRXAP e PAC.

O interesado no seu recurso manifesta a titularidade privada do R2 da rúa da Cruz obxecto de reclamación, sinalando ser da súa pertenza sen que en ningún momento fose de uso público senón de acceso privado a outras parcelas, carecendo o Concello de título xurídico documental para atribuírse a propiedade e non dispoñer de servizo públicos nin resultar afectado polas alienacións do Plan Xeral vixente.

2º.- Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto ademais de non fundamentarse en ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts 62 e 63 da LRXAP E PAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal, non se observa tampouco dita concorrencia.

No recurso formulado limitase a incidir en cuestións que xa constan na instrución do expediente, informadas e resoltas no acordo adoptado e, neste senso, nos fundamentos xurídicos que serven de base ao mesmo, faise unha delimitación do ámbito competencial desta administración en relación ás cuestións formuladas polo interesado respecto aos dereitos dominicais sobre o terreo afecto, que ó referirse a cuestións de dereito privado son competencia dos tribunais do orde xurisdiccional civil, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, non procedendo entrar nelas, *debéndose* centrar a controversia na configuración ou non dese camiño como público pola súa afectación ó uso público en xeral e polo tanto dunha posesión pública e pacífica por parte do Concello, sinalándose ao respecto que *"no presente caso, tendo en conta que se trata dun camiño que se atopa aberto ó uso público, delimitado por peches das fincas lindeiras ó que dan fronte, e reflectido como tal camiño tanto na cartografía catastral como na das vías públicas municipais, resultando axeitada conseguintemente a súa inclusión no inventario municipal, sen que o feito alegado pola ELM de Bembrive de que nun tempo pretérito formara parte da propiedade dos antepasados do solicitante sexa incompatible co seu destino na actualidade ó uso público."*

Por outra banda, no informe do enxeñeiro técnico da Xerencia de Urbanismo referenciado nos antecedentes, faise constar, ó contrario do alegado pola recorrente, que dito ramal resulta afectado por alienacións no Plan Xeral de Ordenación vixente, sendo definido cunha longura de 6 metros. Consecuente, concorre no presente caso o suposto de feito contemplado no acordo plenario de data 30.11.94, segundo o cal todos os expediente de rectificación do Inventario municipal deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificación se farán menos naquelas porcións de terreo que o plan xeral recolla como viario.

3º.- Corresponde ao Pleno Municipal, a resolución do recurso de reposición interposto contra o seu acordo do 25.01.2010, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.”

Polo anteriormente exposto o xefe do Servizo de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de decembro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Manuel Gato González, contra o acordo do Pleno municipal do 25/01/2010 ao non resultar desvirtuados, polos razoamentos expostos nos antecedentes do presente, os fundamentos técnicos e xurídicos que motivaron a súa adopción.

CULTURA, INDUSTRIA, TURISMO E PATRIMONIO HISTÓRICO

3.4.- (312).- DENOMINACIÓN DO “CAMIÑO DO CAMPIÑO” NA PARROQUIA DE CASTRELOS. EXPTE. 12638/331.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe de data 13 de decembro de 2010 polo xefe do departamento de Cultura:

S.Ordinaria 27.12.10

“Con data 5 de novembro de 2010 o Concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación, en virtude da resolución de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2008 resolveu que polo departamento de Cultura se inicien as xestións necesarias para que polo Pleno da Corporación se acorde a inclusión no rueiro do Concello de Vigo do seguinte nome:

➤ Camiño do Campiño

O expediente iníciase coa solicitude presentada no Rexistro Xeral do Concello con data 1 de outubro de 2010 pola Asociación Veciñal Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos, na que piden o cambio de denominación do Camiño de Nogueira D arriba, pola súa similitude co Camiño de Nogueira, ambas rúas na mesma parroquia e co mesmo código postal, polo de Camiño do Campiño.

Solicitáronse informes aos Servizos de Estatística e de Normalización Lingüística sobre diversos aspectos que inciden no acordo de nomeamento de rúas.

O Servizo de Normalización Lingüística, con data 16 de novembro de 2010, informa favorablemente sobre a recuperación do topónimo proposto, engadindo que “Camiño do Campiño” é un termo galego que non presenta problemas dende a normativa.

O Servizo de Estatística con data 5 de novembro de 2010 informa favorablemente sobre a necesidade de nomear de xeito independente ao tramo comprendido entre o Camiño Fondo e o Camiño Falcoa, na actualidade Camiño Nogueira D arriba. Así mesmo informa que a denominación Camiño do Campiño non existe no rueiro municipal e delimita os tramos que podería acoller a denominación proposta.

O Regulamento de honras e distincións establece no seu artigo 4º que “A moción, proposta ou peticións despois de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Corporación, debéndose conseguir o acordo, con votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos)”. Na práctica vense aplicando este mesmo criterio ao resto de denominacións no rueiro (topónimos e outras).”

Visto o anterior, o concelleiro-delegado de Cultura e Animación Socio-Cultural, na mesma data do 13 de decembro, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, na súa sesión do 22 de decembro, ditamina favorablemente a anterior proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Denominar “Camiño do Campiño” ao tramo de vial público comprendido entre o Camiño Fondo e o Camiño Falcoa, ata agora denominado “Camiño Nogueira Darriba”.

URBANISMO

3.5.- (314).- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 1 DA AA-01 DO PXOM VIGO-SUBESTACIÓN DE BALAÍDOS INSTADA POR “UNIÓN ELÉCTRICA FENOSA”. EXPTE. 11471/411.

ANTECEDENTES.- Con data 15 de outubro de 2010, o técnico de administración xeral da oficina de Xestión e Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, coa conformidade do arquitecto municipal director da dita oficina e máis da xerente de Urbanismo, emite o seguinte informe:

“1.- Mediante resolución do delegado da Área de Urbanismo e Vivenda do 05.03.2009 foi incoado procedemento administrativo para a tramitación da modificación puntual nº 1 do PXOM de Vigo, instada o 26.11.2008 (Doc. nº 80150640) por “Unión Fenosa Distribución, S.A.”, coa finalidade de corrixir o erro detectado na documentación gráfica do Plan Xeral relativa á actuación illada AA 01 «Subestación de Balaídos».

2.- Redactado de oficio pola Oficina de Planeamento-Xestión da XMU, en marzo de 2009, o documento de inicio correspondente á avaliación ambiental estratéxica (AAE) da «Modificación puntual nº 1 da AA - 01 do PXOM Vigo», remitiuse á Dirección Xeral de Desenvolvemento sostible da CMATI da Xunta de Galicia a fin de instar a tramitación da consulta previa prevista no art. 4 da L. 9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, por se tratar dun suposto de modificación menor dos recollidos no seu art. 3.3.b), que podería exceptuarse do procedemento de AAE, como, en efecto, así se declarou por decisión do 26.06.2009 da Secretaría xeral de Calidade e Avaliación ambiental (DOG nº 155, do 10.08.2009).

3.- En cumprimento do establecido no Art. 85.1 da LOUGA solicitouse da CMATI o informe previo á aprobación inicial desta modificación puntual, para o que se lles remitiu copia do expediente administrativo tramitado e do documento técnico elaborado tamén por esta Oficina de Planeamento-Xestión. Tal informe, emitido en sentido favorable, foi asinado en data 01.03.2010 pola secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e recibido no Rexistro xeral da XMU o

08.03.2010 (Doc. nº 100032615).

4.- En sesión ordinaria do 31.05.2010 o Pleno desta Corporación acordou, previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local do 23.04.2010 e o ditame favorable do Consello de Xerencia da XMU do 06.05.2010, o seguinte:

«Primeiro: aprobar inicialmente a «Modificación puntual nº 1 da AA-01 do PXON Vigo - Subestación de Balaídos», instada pola mercantil “Unión Fenosa Distribución, S.A.” e redactada pola Oficina de Planeamento-Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo con data novembro de 2009, coa finalidade de corrixir o erro padecido na grafía da trama do sistema xeral da rede eléctrica AA-01, axustándoa ó espazo total situado entre o vial paralelo ó muro do Cemiterio de Pereiró e o recinto da factoría PSA-Citroën.

Segundo: Abrir un trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante a publicación de anuncios no DOG e en dous xornais de maior circulación da provincia. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, darase audiencia ós municipios limítrofes e, de ser o caso, recabaranse das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten precisos.

Terceiro: Notificar este acordo a “Unión Fenosa Distribución, S.A.”, coa indicación de que non é susceptible de recurso ningún por tratarse dun mero acto de trámite».

5.- Durante o prazo concedido para o efecto (DOG nº 163, do 25.08.2010; prensa local 16.07.2010) e segundo certificación expedida pola Secretaría da XMU o 30.09.2010, non se presentou alegación ningunha. Tan só se recibiu nesta Xerencia o 03.08.2010 (Doc. nº 100103232), no trámite de audiencia ós municipios limítrofes, o oficio de data 28.07.2010 asinado polo Alcalde do Concello de Redondela co que se dá traslado do informe do arquitecto municipal indicando que: *«O ámbito da modificación puntual obxecto de notificación é un espazo entre o cemiterio de Pereiró e o recinto da factoría PSA-Citroén. Iso atópase moi lonxe do termo municipal de Redondela, polo que non hai afectación ningunha obxecto de análise e informe».*

II. NORMATIVA EXAMINADA

- TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- L.18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex.781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).

- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).
- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000; modificación: A.D. Pleno 26.04.2010, BOP 20.07.2010).
- ROP (Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo; A.D. Pleno 31.05.2010, BOP nº 180, do 17.09.2010).
- ROF (RD.2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

1.- O erro detectado na documentación do PXOM que motivou a tramitación deste procedemento de modificación puntual consistiu en que, nos respectivos planos de ordenación, a trama de sistema xeral de equipamentos, identificada cun cuadrículado diagonal sobre o que se rotularon as siglas "SXE", non cobre a totalidade da superficie necesaria para a subestación, quedando unha parte, no sur, sen ningunha trama nin cualificación, presentándose deste xeito a dúbida de se pertence ou non á zona de sistema xeral de equipamentos e á propia AA 01.

2.- O art. 1.0.10 das NNUU do vixente PXOM contén unhas normas interpretativas do planeamento aplicables no casos de contradición entre os documentos do Plan ou de existencia de conceptos dubidosos. Establece tamén o presuposto para a apreciar a concorrencia dun "erro material" e o procedemento para a súa subsanación (art. 1.0.12):

«1. Cando a base cartográfica que serve de base ó grafismo da ordenación non coincida coa situación real de edificacións ou viario existente, a súa corrección, así como a do grafismo de ordenación baseada na mesma, será considerada corrección material de erro, e poderá corrixirse por aprobación do Pleno Municipal. 2. O mesmo precepto aplicarase cando se detecten contradicións no texto ou nos planos. 3. Unha vez aprobada polo Pleno remitirase ó órgano autonómico responsable para que referende a corrección do erro material».

3.- O art. 105.2 da LRX-PAC dispón que as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. Trátase dunha facultade atribuída á administración. para poder corrixir ou rectificar, sen ningunha prema temporal, os erros materiais apreciados nun acto administrativo, coa exclusiva finalidade de impedir que un simple erro desa natureza poida pervivir ou producir efectos desorbitados, como os que suporía acudir ós trámites do procedemento de revisión.

4.- Con todo, esa simple e directa rectificación ex art. 105.2 LRX-PAC, sen máis trámites que a súa aprobación polo Pleno e posterior remisión ó órgano autonómico competente, será sempre de aplicación restritiva e terá que limitarse a aqueles concretos supostos nos que o propio acto administrativo sexa revelador dunha equivocación manifesta e evidente por si mesma, sen afectar á idéntica pervivencia do mesmo (SSTS do 20.07.1984, 27.02.1990 e 21.09.1998, entre outras). Polo tanto, non podería cualificarse como "*erro material*" aquela rectificación que implique un xuízo valorativo ou esixa unha operación de cualificación xurídica, ou cando represente claramente unha alteración do sentido do acto, ou en caso de dúbida, ou cando a comprobación do erro esixa acudir a datos dos que non exista constancia no expediente.

En efecto, a rectificación material de erros de feito ou aritméticos ten como única finalidade a de eliminar os posibles erros na transcripción ou de simple conta e deben diferenciarse estes supostos daquelas rectificacións de maior transcendencia, non autorizadas polo precepto indicado, afirmándose unicamente daqueles erros ostensibles, manifestos, indiscutibles e evidentes por si mesmos, sen necesidade de maiores razoamentos. Noutro caso, de resultar preciso recorrer a criterios interpretativos para a cualificación dunha posible anomalía ou para resolver unha posible contradición, desvirtuaríase o xenuíno significado da rectificación de erros materiais ou de feito, para internarse no ámbito da revisión das disposicións e actos administrativos sen respectar o procedemento legalmente establecido.

5.- No suposto presente, aínda tratándose dun erro na representación gráfica no Plan Xeral da AA 01 que podería parecer evidente, considerouse que a súa corrección si precisaría dalgún labor de tipo interpretativo; o que aconsellou, para maior seguridade, subsanalo a través do procedemento de modificación puntual do PXOM. Así pois, esta modificación ten por obxecto, exclusivamente, corrixir o erro padecido na grafía da trama do sistema xeral da rede eléctrica AA 01, axustándoa ó espazo total situado entre o vial paralelo ó muro do Cemiterio de Pereiró e o recinto da factoría PSA-Citroën.

6.- Dispón o art. 93 da LOUGA que a alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderá levarse a cabo mediante a revisión deles ou a modificación dalgún ou algúns dos elementos que os constitúan. Nun e noutro caso, tales modificacións suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación; o que nos remite ó procedemento previsto nos arts. 85 e ss. da LOUGA.

7.- En calquera caso, toda modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas (art. 94.1 LOUGA). O interese público da modificación que se está a tramitar neste procedemento resulta debidamente acreditada na documentación integrante do expediente, no que consta o documento técnico da «Modificación puntual nº 1 da AA - 01 do PXOM Vigo», redactado polos arquitectos da Oficina de Planeamento-Xestión con data novembro de 2009, que inclúe un detallado anexo xustificativo da modificación proposta. Ademais, no propio informe da secretaria xeral de Ordenación do territorio e urbanismo da CMATI do 01.03.2010 manifestábase que a finalidade pretendida con esta modificación *“pode incluírse entre as sinaladas no art. 94.1 da LOUG e fundamentar o interese público”* e que *“a documentación é axeitada para o alcance e finalidade da Modificación Puntual”*.

8.- Tal documentación técnica está integrada por:

- Documento nº 1: Memoria informativa e xustificativa.
- Documento nº 2: Anexos. Anexo 1: Modificación da documentación (memoria xustificativa e documento de xestión e execución). Anexo 2: Memoria xustificativa. Anexo 3: Documento de xestión e execución do PXOM. Ficha do sistema xeral de infraestruturas de servizos urbanos do PXOM. Anexo 4: Documento de inicio de avaliación ambiental estratéxica. Anexo 5: Decisión do 26 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI de non someter a modificación puntual nº 1 ó procedemento de AAE.
- Documento nº 3: Documentación gráfica. Anexo 6: Planos da modificación. Anexo 7: Planos orixinais e modificación.

9.- Tocante ó procedemento administrativo aplicable, unha vez aprobada inicialmente a modificación puntual, realizadas as notificacións e publicacións preceptivas e evacuado o trámite de información pública e audiencia, procedería continuar a súa tramitación segundo o establecido no art. 85 da LOUGA, dispoñendo a súa aprobación provisional polo Pleno da Corporación, previa aprobación do proxecto de modificación pola XGL e o ditame do Consello de Xerencia da XMU, e a remisión do expediente completo, debidamente dilixenciado, á Admón. autonómica (CMATI) para a súa aprobación definitiva; que se entenderá producida de transcorrer tres meses desde a entrada do expediente no rexistro autonómico do órgano competente sen que este comunicase a resolución.

10.- Faise notar que, toda vez que a presente modificación ten unicamente por obxecto a corrección do erro existente na grafía da trama do sistema xeral da rede eléctrica AA 01, estimouse innecesario recabar o informe da CMATI *«sobre o cumprimento dos estándares referidos a reservas de solo para vivendas suxeitas a réximes de protección e sobre a adecuación do planeamento á normativa de habitabilidade»* (Disposición Adicional 1ª L.18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia, en relación co art. 85.3 LOUGA); aspectos estes sobre os que a modificación que se tramita neste expediente non incide en absoluto.

11.- Para a eficacia desta modificación puntual do PXOM estarase ó disposto no art. 92 da LOUGA; polo tanto, o acordo de aprobación definitiva que, de ser o caso, se adopte polo conselleiro da CMATI, haberá de publicarse no DOG no prazo dun mes desde a súa adopción e os contidos normativos no BOP. A súa entrada en vigor terá lugar nos termos sinalados nos arts. 70.2 e 65.2 da LRBRL.

12.- A competencia para aprobar provisionalmente esta modificación corresponderá ó Pleno, mediante acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación (art. 123.1.i] e 123.2. LRBRL), previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local (art. 127.1.c] LRBRL) e ditame do Consello de Xerencia da XMU (arts. 3.1 e 10.1.b] Estatutos XMU) na súa consideración de Comisión Informativa do Pleno (art. 122.4.a] LRBRL e arts. 47 e ss. ROP).

13.- Con anterioridade á adopción deste acordo deberá emitir informe xurídico a Secretaría do Pleno (art. 54.1.b] TRRL 122.5.e).2º] e 123.2 LRBRL) e a Intervención municipal (arts. 54.1.b] TRRL e 123.2 LRBRL).”

Polo anteriormente exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 26 de novembro, acordou aprobar o proxecto de aprobación provisional do presente expediente.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 16 de decembro, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da proposta citada.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a «Modificación puntual nº 1 da AA-01 do PXOM Vigo-Subestación de Balaídos», instada pola mercantil “Unión Fenosa Distribución, S.A.” e redactada pola Oficina de Planeamento-Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo con data novembro de 2009, coa finalidade de corrixir o erro padecido na grafía da trama do sistema xeral da rede eléctrica AA-01, axustándoa ó espazo total situado entre o vial paralelo ó muro do cemiterio de Pereiró e o recinto da factoría PSA-Citroën.

Segundo.- Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia (CMATI-Secretaría xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo) para a súa

aprobación definitiva, que se entenderá producida de transcorrer tres meses desde a entrada do expediente no rexistro autonómico do órgano competente sen que este comunicase a resolución.

Terceiro.- Notificar este acordo a “Unión Fenosa Distribución, S.A.”, coa indicación de que non é susceptible de recurso ningún por se tratar dun mero acto de trámite.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

5.- MOCIÓNS:

5.1.- (315).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CONTRA OS RECORTES SOCIAIS NOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 93/1101.

ANTECEDENTES.- A voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, por escrito con rexistro de entrada na Secretaría do Pleno núm. 93 do 13 de decembro, formula a seguinte moción:

“Os orzamentos elaborados pola Xunta de Galicia para 2011 recortan drasticamente os recursos destinados ás políticas sociais e, concretamente, as transferencias que en materia social realiza a administración galega aos concellos.

Xusto cando, como consecuencia da crise económica, maior é a necesidade de recursos e prestacións sociais para atender ás persoas que con máis dureza están a sufrir as súas consecuencias, o PP na Xunta de Galicia, por medio dos orzamentos, vén conxelar para 2011 as partidas dedicadas a estas persoas, como son as prestacións sociais de carácter periódico destinadas a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, como é a renda de integración social de Galicia (RISGA); as axudas de emerxencia social; o servizo de asistencia no fogar e as destinadas ao financiamento do Plan concertado e de servizos sociais comunitarios.

Ademais o goberno do PP na Xunta, reduce até 1,7 millóns de euros a transferencia ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que este ano dispoñía de 4,1 millóns, eliminando así preto de 2,5 millóns de euros o que afecta fundamentalmente a centros de día e outros equipamentos sociais.

Afectan estes graves recortes sociais tamén aos fondos destinados para o desenvolvemento do segundo Plan galego de inclusión social. Só dedica 150.000 euros para atender ás persoas sen fogar e deixa en pouco máis de 400.000 euros os fondos destinados aos concellos para o Plan de atención á comunidade xitana.

Resulta tamén grave eliminar os fondos destinados aos concellos para programas de apoio ás familias, onde desaparecen preto de 1,2 millóns de euros e tamén se eliminan os fondos destinados aos equipos de inclusión social das cidades de Galicia e o Consorcio das Mariñas, onde desaparecen, así mesmo, preto de 1,2 millóns de euros.

A Xunta de Galiza e o Parlamento galego deben resolver que os orzamentos para 2011 aseguren os recursos necesarios para que os concellos sigan ofrecendo á sociedade os servizos e prestacións sociais que esta demanda, especialmente diante da crise económica e social que atravesamos, e en concreto:

- Incrementar nunha porcentaxe mínima do 50% as partidas destinadas ás rendas de integración social (RISGA), ás axudas de emerxencia social e ao Servizo de asistencia no fogar.
- Dedicar, como mínimo, ao Plan concertado e ao Programa de servizos sociais comunitarios, as cantidades consignadas nos orzamentos de 2009 (20 millóns de euros e 10 millóns de euros, respectivamente).
- Dedicar unha partida mínima de 5 millóns de euros ao desenvolvemento do segundo Plan galego de inserción social a través das oficinas de I+B, dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.
- Dedicar, como mínimo, 1 millón de euros á execución do Plan especial de atención á comunidade xitana.
- Dedicar un partida mínima de 500.000 euros ao Programa de atención a persoas sen fogar.
- Restabelecer e incrementar nunha porcentaxe como mínimo do 20%, respecto ao consignado nos orzamentos de 2010, os fondos destinados aos concellos para apoio ás familias e aos convenios para os equipos de inclusión social das sete cidades e do Consorcio das Mariñas.

E finalmente, os concellos galegos deben, consecuentemente, comprometerse a manter e respectar sen recorte ningún, de cara aos orzamentos de 2011, os investimentos en servizos sociais previstos nos orzamentos de 2009 ou 2010, segundo o último orzamento aprobado.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- Instar á Xunta de Galicia e ao Parlamento galego a que os orzamentos para 2011 aseguren os recursos necesarios para que os concellos poidan ofrecer á sociedade os servizos e prestacións sociais que esta demanda e necesita, especialmente diante da crise económica e social que atravesamos. Concretamente os recursos destinados ás rendas de integración social, axudas de emerxencia social, servizo de axuda no fogar, plan concertado e programa de servizos sociais; desenvolvemento do plan galego de inserción social, atención á comunidade xitana, a persoas sen fogar, apoio ás familias e aos equipos de inclusión social.

2.- Instar ao goberno local a que manteña e respecte sen recorte ningún os investimentos en servizos sociais previstos no último orzamento aprobado.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 20 de decembro, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Antes de nada aproveito para felicitar Bo Nadal e para desexar que teñamos todos un bo ano 2011.

Xusto cando a crise económica está pegando máis forte sobre as clases traballadoras e os sectores máis desfavorecidos da nosa sociedade, o Partido Popular na Xunta de Galicia ven de aprobar uns orzamentos que recortan drasticamente os recursos destinados a políticas sociais. Sobre todo recortan as transferencias que para políticas sociais se dedican ós concellos.

A Consellería de Benestar reduce en 48 millóns de euros os seus orzamentos, 14 deles pertencen a Traballo e 29,9 a Benestar.

A Xunta de Galicia presidida polo Sr. Núñez Feijóo acaba de aplicar a regra de tres inversa: a maior necesidade de prestacións por parte dos sectores máis desfavorecidos, menos recursos e así ven de conxelar e reducir as partidas adicadas ás prestacións que garanten os recursos económicos de subsistencia a quen carece deles. Hoxe en Galicia hai 600.000 galegos baixo o limiar da pobreza dos que 45.000 están en Vigo.

Pois ben, aí vai unha serie de mostras que serven para indicar o que representan estes orzamentos da Xunta de Galicia a nivel social.

Conxélase a renda de integración social, ao que todos e todas coñecemos como

RISGA dedícanse os mesmos orzamentos que o ano pasado: 22,7 millóns de euros.

Saben os señores do PP que no Concello de Vigo a 30 de outubro xa tiñamos un 15% de RISGAs máis que o ano pasado? Con que imos pagar esas RISGAs? Con que vai a Xunta pagar as RISGAs? Se en todos os concellos pasa o mesmo, a finais de ano teremos un 20% de rendas de integración, máis pedimentos. Preguntámonos, se se conxelan as RISGAs, de onde se van sacar os cartos?

Conxélanse as axudas de emerxencia social, quedan igual en 2,9 millóns de euros. En Vigo o ano pasado dobramos os orzamentos e fixéronnos falta. As axudas de emerxencia dáas a Xunta para alimentos, vivenda e roupa igual que no caso dos concellos para a xente que as precisa. Pois a Xunta de Galicia conxelou as axudas de emerxencia social.

Conxélanse nos orzamentos a partida adicada ó Servizo de axuda a domicilio. A pregunta é, non vai haber novos dependentes este ano? Un de cada tres dependentes galegos está sen recoñecer, é dicir, o 38,2%. Con que imos meter esta xente en dependencia se temos conxelado o orzamento?

Conxélanse o Plan Concertado que mandan os concellos, queda igual en 16.6 millóns logo da drástica redución sufrida o ano pasado. Tamén se conxela o Plan dos servizos comunitarios: 7 millóns de euros.

Se o ano pasado en Vigo non tivemos nin sequera subvencións para os programas como o de avellentamento ou o dos discapacitados, que vai pasar este ano?

Desaparece o Plan galego de inclusión social ó igual que no resto das cidades, 1.2 millóns de euros desaparecen de golpe, 180.000 pertencían a Vigo para pagar ós cinco profesionais que traballaban con 475 familias. Onde imos mandar agora ás familias? Onde as derivamos? A directora xeral de Benestar non foi quen de dar resposta o xoves pasado cando as sete cidades e o Consorcio das Mariñas tivemos unha entrevista con ela.

Elimínanse así mesmo as transferencias do programa de apoio ás familias, 1,2 millóns de euros retirados.

Por outra banda tamén reducen a entrega á comunidade xitana: 400.000 euros. O mesmo pasa co Consorcio, conxélanse as transferencias.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Postos a falar de problemas en cuestións sociais, eu teño que participar no ámbito educativo referíndome loxicamente a todas as reducións que nós vimos dende que o Partido Popular está gobernando na Xunta de Galicia.

A primeira foi a gratuidade dos libros que por suposto desapareceu, o que supuxo 10 millóns de euros que se lles pasan ós pais para que teñan que mercar os libros.

A segunda é a redución de bolsas en todos os ámbitos, pero sobre todo nos ámbitos dos comedores onde ademais nalgunhas zonas rurais pecharon comedores, pero tamén en Vigo. Direilles que nos comedores responsabilidade da Xunta de Galicia hai nenos ós que se lles quita a bolsa á que tiñan dereito por situación familiar porque semella que non están na zona de influencia do colexio, isto segundo unha normativa que, por exemplo en Vigo, hai corenta anos que non se cambiou. É algo que está pendente e que teñen que tratar de poñer ó día porque nenos que viven preto do colexio vense agora cunha problemática para poder comer gratuitamente dadas as súas necesidades familiares. Polo menos uns cincuenta nenos nesta cidade están abocados a quedaren sen bolsa por parte da Xunta.

Que falar do que corresponde ós recursos humanos e materiais. Aforro de profesorado, aforro en 300 ciclos formativos que desapareceron, en educación especial o profesorado de apoio, a necesidade de atención á diversidade para a que non existe profesorado suficiente; que dicir dos recursos tecnolóxicos nos centros públicos porque de momento non chegou á maioría dos centros o Programa Abalar, está pendente; as ratios por alumnado que non sei por que lles veu esa preocupación tan enorme de suprimir e aforrar profesorado, xuntar rapaces de primeiro, segundo ou terceiro, xuntar nenos de distintos niveis nunha soa aula.

En canto á educación de adultos, péchanse bandas na maioría de institutos que tiñan educación de adultos nocturno. Só en Vigo víronse afectadas 300 persoas. Reducíronse as bolsas para universitarios que é tamén outra das importantes eivas.

Subvencións que temos agora pendentes e onde tentan poñer todas as

dificultades nos programas de aperturas de centros porque o que formula a Orde do 17 de marzo de 2010 é imposible levalo adiante dadas as condicións que se poñen para que os concellos participen.

Que dicir dos centros públicos en canto ás súas infraestruturas, non hai un can, non aparecen os cartos, non hai maneira de acadar arranxar as necesidades. Dende que entraron, en Vigo levamos pedíndolles por favor que se fagan cargo das súas responsabilidades, do que teñen que facer, pero non hai maneira.

O mesmo poderíamos dicir de todas as cousas que teñen que ver co transporte público. Efectivamente hai que evitar trasladar os nenos, pero tamén pola banda da Consellería non se axuda para nada á organización do transporte público.

Resumindo, hai unha serie de deficiencias moi graves dende que o Partido Popular está na Xunta, sempre agravada tamén pola crise, pero non fan nada por axudar a evitar esta deficiencia social.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sorprendeunos enormemente esta moción xa que a Comunidade autónoma galega herdou do bipartito da Xunta de Galicia unha débeda de 2.600 millóns de euros, débeda que deixaron vostedes na nosa comunidade autónoma e que agora ten que pagar o goberno do Sr. Núñez Feijóo. Dende logo que a Xunta de Galicia solicitou ampliar o prazo para pagar a débeda a dez anos, ó que o goberno do Sr. Rodríguez Zapatero negouse, co que ten que haber un axuste económico nas contas. Son as débedas que deixou o goberno do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

De calquera xeito, para o goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia o gasto social é unha prioridade xa que dedica tres de cada catro euros a política social, o 75% do orzamento da Xunta de Galicia invístese en política social.

Sra. Méndez, vostede falaba dunha redución dun 15% e logo en toda a súa argumentación do que estaba a falar era de conxelación. Non hai redución. Si que nalgunhas áreas houbo conxelación para blindar dalgún xeito todos os recursos sociais que na época de crise que estamos vivindo son tan necesarios.

Tamén é moi importante salientar que en materia social o Grupo Socialista que está a gobernar este país elimina os 426 euros ó mes para parados. Máis de 9.000 galegos se van quedar sen esta prestación. Conxela as pensións cando o

Sr. Núñez Feijóo as aumenta nun 3%. Dende o goberno central reducen un 17% en materia de dependencia, mentres que a Xunta de Galicia incrementa un 3%.

O goberno socialista elimina o “cheque-bebé”. Hoxe aparecía unha nova na prensa onde se dicía que 20.000 familias galegas están pensando se adiantar o parto, se se facer unha cesárea para poder cobrar esa axuda de 2.500 euros. Lean a prensa porque hoxe aparece unha nova na que se di que 20.000 familias galegas están asustadas coas reducións que estamos a vivir por parte do goberno socialista, ademais da débeda que nos deixou o bipartito da Xunta, e teñen a xenial idea de presentar unha moción criticando á Xunta de Galicia cando esta está pagando os pratos rotos de seu e do seu malgasto.

Ademais diso a Xunta aumentou a partida do RISGA en 600.000 euros cando os socialistas reducen o apoio ó pobo xitano que a Xunta incrementou con fondos propios. Constantemente está financiando con fondos propios e incrementando as axudas porque o goberno central o único que está facendo é reducir a asfixiar ós cidadáns.

No Concello de Vigo continuamos con máis do mesmo, están a facer a mesma xestión que fixeron no bipartito da Xunta e as consecuencias ímolos pagar todos os cidadáns vigueses. Privatizan servizos, dobran dispositivos, agochan contratacións, malgastan en publicidade, en autobombo de Alcaldía, en inauguracións, en camisetas; endebedan ó Concello en 90 millóns de euros. A Xunta do bipartito fíxoo en 2.600 millóns de euros que agora se están a pagar.

Sra. López Atrio, os libros non deixaron de seren gratuítos na nosa Comunidade Autónoma, o que pasa é que se ten en conta o nivel de renda dos cidadáns que é unha prioridade, non é “café para todos”, debe haber consonancia coa economía e a situación da súa renda. Exactamente igual coas bolsas de comedor. Vostede dá as bolsas de comedor sen ningún criterio, exactamente igual que coas bolsas de inglés. Mandan ós nenos a Inglaterra e dá igual que os seus pais sexan millonarios ou que vivan en pobreza extrema, dá exactamente o mesmo, aquí é igual para todos.

Non pode ser, non estamos a vivir nunha situación na que todos os nenos poidan ir, hai que lles dar prioridade ós nenos que saquen boas notas e ós que os seus pais non os poidan mandar. Temos que comezar a cambiar porque estamos

nunha situación de crise, por moito que vostedes estean endebedando ó Concello de Vigo para poder pagar o autobombo ou os tres millóns de euros que se gastaron na Universiada e hai que dar prioridade ós servizos que realmente o precisan.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Eu só lle quero amosar un titular dun xornal que recortei e que di: “Un de cada tres dependentes galegos está sen recoñecer”. Este é un titular dun xornal desta cidade e de varios xornais a nivel galego. Dígolle quen o di: “O ditame reflícteo o Observatorio da dependencia nun informe que reflicte a porcentaxe de persoas dependentes de prestación en Galicia”.

Falando de financiamentos di: “En canto ó financiamento en Galicia a Administración Xeral do Estado achega 44,01 euros, mentres que o resto de España achega 41,35”. Temos que ter claro que aquí a dispersión é importante. Por outra banda nestes momentos a Comunidade Autónoma achega 34,53 euros por habitante, 27 euros menos que na media das outras comunidades autónomas. Que nos están a contar, señores do Partido Popular?

Estes orzamentos confirman a falla de compromiso do Partido Popular coa crise económica, coa creación de emprego e cos servizos sociais; confirman a radical redución de colaboración financeira da Xunta cos concellos como se mantivo durante todo o bipartito. É máis, van promover o reparto clientelar dos fondos que se destinan a aqueles concellos do PP e senón mírense, acaban de suspendernos ás sete cidades o Plan de inclusión social, 180.000 euros que nos acaban de sacar en Vigo e no resto das cidades. Quen goberna nas sete cidades galegas? Nós. Non sacaron o Plan de inclusión social para o resto dos concellos.

Lonxe da propaganda oficial que vostedes están a facer, este recorte en materia social vai traer máis pobreza, máis desigualdade, máis desemprego, máis dependentes desatendidos e dende logo moito menos benestar.

Polo tanto nós propoñemos a este Pleno da Corporación municipal adoptar este acordo.

Deseguido a Sra. Méndez Piñeiro procede a ler a parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, contra os recortes sociais nos orzamentos da Xunta de Galicia de 2011, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2.- (316).- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA RELATIVA Ó REPARTO DOS FONDOS DE POLÍTICAS ACTIVAS AOS CONCELLOS POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 101/1101.

ANTECEDENTES.- O voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. López Font, por escrito con rexistro de entrada na Secretaría do Pleno núm. 101 do 16 de decembro, formula a seguinte moción:

“O reto dos gobernos dos países desenvolvidos é o de afrontar a recuperación económica, co obxectivo de deixar atrás a peor crise financeira e económica dos últimos anos, unha crise mundial de profundidade e extensión xeográfica descoñecida.

Esta crise ten unha manifestación e unha consecuencia particularmente grave, a destrución do emprego.

O Alcalde Abel Caballero dirixe dentro do Goberno Municipal medidas para impulsar a economía e o emprego na cidade: investimentos do Goberno de España, Ave, estación ferrocarril, aeroporto, ampliación da Ponte de Rande AP-9, humanizacións en todo o municipio, Plan-E- Feil, Fondo estatal para o emprego e

a sostibilidade Local (FEESL) e fondos propios: axudas ao automóbil, granito, naval... entre outras melloras á economía e dar respostas á crise.

Feijóo con competencias no emprego vemos que transcorridos case dous anos no poder no ten políticas nin toma decisións para combater a crise e frear o desemprego e iso que na campaña electoral e no discurso de investidura "firmou un contrato" cos cidadáns galegos onde prometía que en "45 días terminarei co paro e a crise".

Pois ben, trala súa toma de posesión o 18 de abril de 2009 os datos de parados en maio dese ano en Galicia son de 156.779, moi por debaixo da media do Estado e en novembro de 2010, 231.721 parados, 74.942 parados máis con Feijóo e o PP, a segunda peor comunidade autónoma.

En Vigo a xullo de 2007, hai 24.185 desempregados, en maio de 2009 co cambio do Goberno ascende a 1.521 desempregos pasando a un total de 25.706 en 22 meses; pola contra durante o Goberno de Feijóo e PP dende maio de 2009 ata novembro de 2010 o desemprego medrou en Vigo 3.190 desempregados máis en 18 meses.

Non existe política de emprego no Goberno Galego para paliar a difícil situación dos desempregados e as familias, Feijóo e o PP dánlle as costas, miran para outro lado, ao lado dos amigos.

Así temos que mentres os fondos do Estado Plan E- Feil e o Fondo estatal para o emprego e a sostibilidade Local (FEESL) se distribúen a todos os concellos en función da súa poboación, en Galicia Feijóo e o PP fano para os amigos, os obradoiros e as escolas taller concedidas no 2010, en Pontevedra foron todas para concellos gobernados polo PP, os mesmos que cooperación e planes experimentais foron para todos os concellos onde goberna o PP; sobre todo para Mos, Gondomar onde Goberna o PP con tráfugas e o Porriño coa compra de independentes para cambiar de goberno.

Coa política de Feijóo e PP non se combate a crise nin o paro nin se fai país.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte acordo:

- 1.- O Pleno da Corporación esixe á Xunta de Galicia que o reparto dos fondos de políticas activas aos concellos se fagan con criterios de poboación e número de desempregados.
- 2.- En Vigo está constituído o pacto Local polo emprego; que a Xunta de Galicia teña en conta este foro para deseñar Políticas de emprego no municipio.
- 3.- Que a Xunta de Galicia aboe 3 millóns de euros de fondos de cooperación, conceda os obradoiros, Vigo-Zoo e o plan integrado do emprego, solicitados no 2010 para poder contratar 450 desempregados de Vigo."

A comisión informativa de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, na súa sesión do 20 de decembro, ditamina favorablemente a anterior moción.

Emenda formulada “in voce” pola voceira do Grupo do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, durante o curso do debate:

Engadir un cuarto punto que diga: “Que a Xunta de Galicia inclúa unha partida económica para manter o plan de inclusión social”.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Esta é unha das mocións que coidamos moi oportuna porque a principal preocupación que teñen hoxe os cidadáns é o desemprego e a precariedade.

O reto dos gobernos dos países desenvolvidos é enfrontar a recuperación económica co obxectivo de deixar atrás a peor crise financeiro-económica dos últimos anos, unha crise mundial de profundidade e extensión xeográfica descoñecida ata agora. Esta crise ten unha manifestación e unha consecuencia particularmente grave, a destrución do emprego e a precariedade.

O noso alcalde e presidente da Corporación, Abel Caballero, dirixe dentro do goberno municipal medidas para impulsar a economía e o emprego na cidade: investimentos do goberno de España, AVE, estación de ferrocarril, aeroporto, ampliación da ponte de Rande, AP-9, humanizacións en todo o municipio a través do Plan E, FEIL, Fondo estatal para o emprego e a sostenibilidade local, e a través do Plan municipal de emprego con fondos propios. Tamén se preocupou das axudas á principal factoría do noso Concello, PSA-Citröen, ó granito, ó naval, entre outras melloras á economía para dar resposta á crise.

Vemos pola contra que Feijóo con competencias no emprego e transcorridos case dous anos no poder, non ten políticas nin toma decisións para combater a crise e frear o desemprego e iso que na campaña electoral e no discurso de investidura asinou un contrato cos cidadáns galegos onde prometía que “en corenta e cinco días rematarei coa crise e co paro”.

Pois ben, á súa toma de posesión o 18 de abril de 2009, os datos de parados en

maio dese ano en Galicia son de 207.518 desempregados e desempregadas, nese momento moi por debaixo da media do Estado. Vemos pola contra que en novembro de 2010 temos 231.721 desempregados, é dicir, 24.203 desempregados e desempregadas máis con respecto a abril de 2009. Iso con Feijóo e co Partido Popular porque ven ser a segunda peor comunidade autónoma en datos de emprego.

Ademais temos que salientar que a nosa Comunidade Autónoma endebedouse en 5.809 millóns de euros, a maior débeda da historia de Galicia, a quinta comunidade autónoma máis endebedada de España o que ven supoñer que cada galego debemos case 2.100 euros, aí é onde nos están a meter. A pregunta é, onde van eses cartos?

Así temos que, mentres os fondos do Estado, do Plan E e do Fondo estatal para o emprego e sostibilidade local se distribúen a todos os concellos por igual para saír da crise, o Partido Popular repárteos para os seus amigos. Vemos que os fondos de cooperación, obradoiros, escolas-taller na provincia de Pontevedra foron todos para concellos onde goberna o Partido Popular e sobre todo para aqueles, como Mos e Gondomar, onde hoxe goberna o Partido Popular con tráfugas, ou no Porriño onde se mercan independentes para cambiar de goberno. É dicir, págase con diñeiro público o transfuguismo, o diñeiro de todos os galegos e galegas utilízase para obter gobernos a través de tráfugas.

Teñen unha débeda con Vigo, cos seus parados. Por iso lle pedimos a este Pleno que aprobe esta moción.

Co Sr. Núñez Feijóo incrementouse o desemprego en 3.200 parados e paradas máis en Vigo. Feijóo ten en Vigo 28.916 desempregados e desempregadas, tenlles que dar unha resposta.

Deseguido o concelleiro Sr. Rodríguez Díaz procede a ler a parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Efectivamente o BNG vai propoñer unha emenda para engadir a esta moción que comentarei logo, pero eu quería salientar algo que xa dixemos na anterior moción. Malia o que dicía a Sra. García Míguez de que

realmente o Partido Popular en Vigo está a apoiar as políticas de desemprego que mantén a Xunta, eu quería dar o dato por se non se me escoitou antes; precisamente na área de Traballo a Consellería de Benestar e Traballo reduce 29,9 millóns. Todo un desmentido da blindaxe tanto do gasto social como do desemprego do que fala o goberno Feijóo.

Observamos ademais como o Partido Popular está a dicir en Vigo que estes son uns orzamentos non investidores. Pois ben, hai un recorte moi importante da Consellería de Benestar dos gastos de Capital, por outra banda se incrementa o gasto corrente e se reduce o gasto de investimento. Isto evidentemente vai en contra da creación de emprego a todos os niveis.

Por outra parte quería incidir en algo importante do que xa se falou na anterior moción da desaparición do Plan de inclusión social nas sete grandes cidades. Este Plan, como todos e todas saben, é moi importante á hora de encamiñar a estas persoas que son parados de longa duración, persoas en risco de exclusión social, que non só atinxe ás propias persoas, senón que detrás delas hai familias. En Vigo temos 475 familias no Plan de inclusión social, non só son as persoas, senón as familias que están detrás. Estas familias aténdense por un equipo de cinco persoas para as que a 1 de xaneiro non temos subvención para as manter e que polo tanto non poderán seguir desenvolvendo o Plan de inclusión social. De aí a importancia que tiña a reunión que acabamos de ter as sete grandes cidades e o Consorcio das Mariñas, que eran quen recibía esta subvención, coa secretaria xeral de Benestar quen nos dixo por activa e por pasiva que quedaba en suspenso o Plan de inclusión social coas grandes cidades.

Preguntada tamén sobre que se ía facer, onde dirixíamos a estas familias, que faciamos con elas porque evidentemente nós non podemos seguir con este Plan, díxonos que sinxelamente non sabía, que nestes momentos se tiña que suspender.

Eu preguntome se en Vigo o Partido Popular, que tanto di defender uns orzamentos sociais, vai abrir unhas oficinas na Deputación ou nalgún outro sitio para atender ás 475 familias que nestes momentos quedan na rúa co Plan de inserción. Non vai haber ningún tipo de acompañamento ó longo do seu proceso de inclusión a nivel laboral, nin vai haber ningún curso de formación máis porque

o Partido Popular acaba de retirar a subvención de 180.000 euros para pagar cinco profesionais.

Polo tanto nós, se nolo acepta o Partido Socialista, queredamos engadir un cuarto punto para que polo menos nos fondos de cooperación local de emprego se teña en conta, que dí: “Que a Xunta de Galicia inclúa unha partida económica para manter o Plan de inclusión social”. Polo menos se non se mantén a través dos fondos a nivel de benestar, que se manteña a través dos fondos de cooperación.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Bos días a todos e felices festas.

Logo destes días en familia, onte estaba pensando en casa como contestar a esta lista de falsidades, tanto polas loanzas ó Sr. Alcalde e ó Sr. Rodríguez Zapatero na moción que di que o alcalde axuda ó naval, ó granito..., non sei en que os axuda, non teño nin idea, como polas descualificacións a D. Alberto Núñez Feijóo e teño que recoñecer que lendo o texto da súa moción, por certo case igual a unha que trouxeron no mes de xuño, amosa que hoxe, un ano e dez meses logo de perderen as eleccións, vostedes aínda non asumiron a derrota, non asumiron que os galegos e as galegas perderon a confianza no bipartito como a perderán en maio nos bipartitos que gobernan as cidades.

Con estas mocións o que queren vostedes é tentar confundir dicindo que os parados son de Feijóo. Os parados son da cidade, son de Galicia e se mo permiten do Sr. Rodríguez Zapatero porque cando el comezou gobernar en España tiñamos dous millóns de parados menos. Co Sr. Rodríguez Zapatero hai dous millóns de parados máis. Ademais vostedes prometeran o pleno emprego, prometeuno o Sr. Rodríguez Zapatero e tamén o Sr. Caballero, pero a realidade é moi trágica e agora non sei como pasarían as festas, supoño que mal, as vinte e nove mil persoas que están sen traballo na cidade de Vigo e que non sei como pasarían o Nadal. Por iso, Sr. Caballero, vostede pasará á historia como o alcalde do paro.

Calquera persoa da rúa cando os escoitan pensa que vostedes, que enchen a boca dicindo que son de esquerdas, que son progresistas, ou ben viven unha realidade paralela ou son uns irresponsables políticos porque é unha irresponsabilidade política, Sr. Rodríguez Díaz, reducir o orzamento de emprego

no Concello nun 20% e destinar un 1% do orzamento total do Concello a políticas activas de emprego.

En troques a Xunta si está preocupada por sacar a Galicia da crise na que vostedes a meteron e que vostedes sempre negaron. Voulles dicir como porque coido que é moi importante.

Neste ano 2010 destináronse en políticas para dinamizar a economía, para sacar a Galicia da crise, máis de 1.700 millóns de euros; 577 millóns de euros para a economía do coñecemento, 745 millóns para dinamización económica, 387 millóns para políticas activas de emprego.

Por lles poñer un exemplo na cidade de Vigo. Vostedes lembran o que aconteceu hai pouco con Vulcano, lembran que hai directa ou indirectamente mil familias afectadas porque este estaleiro estaba pechado e lembran que dende o minuto un a Consellería de Economía e Industria puxo 17 millóns de euros nun aval para que Vulcano tivera actividade. Lembran tamén que hai un ano a fábrica de PSA Peugeot-Citröen estaba que non se sabía se ían ter ou non novos prototipos. Lembran que pediron axuda ó Estado e este deulles un préstamo de 17 millóns de euros, un préstamo a devolver ó que lle chamaban “axuda”. Mentres as axudas levábaas Renault de Valladolid, claro está que está moi preto de León, e outras comunidades como Opel de Figueruelas en Zaragoza. Pero a Xunta de Galicia apostou por Citroën e destinou 40 millóns de euros nunha subvención a fondo perdido. Gracias a iso en agosto vaise empezar fabricar o M3, o M4 e o vehículo eléctrico está comprometido.

Tamén vostedes cando gobernaron foron incapaces de arranxar o problema do concurso eólico; máis de 200 megavatios para empresas de Vigo neste novo concurso que producirá tamén un proxecto industrial e na cidade de Vigo vanse fabricar sete barcos polos nosos armadores.

Ademais a Xunta está negociando os problemas que vostedes nos trouxeron coa Plisan. Estamos comprometidos para traer á Mitsubishi, imos pagar os alleamentos e negociar os dereitos mineiros.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Que difícil é dicir que non fan nada polos parados e polas paradas de Galicia tendo orzamento.

Vostedes rebaixaron o orzamento para emprego un 30% con respecto ó de 2009 e un 47% con respecto ó de 2008 para este ano 2010. Polo tanto vostedes dánlles as costas ós galegos e ás galegas no tema do emprego.

De non houberen resposta a través do Plan Zapatero estes dous anos, habería moitos máis desempregados en Vigo, por iso só hai 3.200 máis porque hai unha resposta do goberno do Estado e do alcalde, D. Abel Caballero, para crear emprego. Non é certo que se rebaixaran nos nosos orzamentos o 20%.

O que queremos saber é que fai a Xunta de Galicia para frear o desemprego e saír da crise porque o prometeu na súa campaña electoral, prometeuno no seu discurso de investidura e asinou un contrato cos galegos dicindo que nos sacaba en corenta e cinco días da crise e remataba co desemprego.

Sabe o que fixeron vostedes en Citroën? Voulle dicir o que fixo o Partido Socialista: Deu as maiores axudas de todo o Estado para unha factoría de automóbil e igual para as auxiliares do automóbil. Que fixo a Xunta de Galicia? Foi o conselleiro do PP cara Citroën cando esta factoría anunciou un ERE para unha soa liña de produción. Entrou o conselleiro en PSA-Citroën e sae dicindo Citroën que fai un ERE para todo o cadro de persoal. Meten vostedes medo. Iso é o que axudan vostedes, métenlles medo ós traballadores. De haber un expediente de regulación de emprego en PSA-Citroën para unha liña de produción, vai alí o conselleiro do PP representando a Feijóo e sae cun expediente de regulación de emprego para todo o cadro de persoal. Vivir para ver. Agora se quere arrogar vostede tamén o de Mitsubishi. Mitsubishi é Zapatero en Xapón que di que a fábrica para Vigo e vostedes andan dándolle voltas. Non amolen con algo que é moi bo para Vigo e para a súa área.

Hoxe saben os vigueses e as viguesas que o noso alcalde, Abel Caballero, é unha garantía para esta cidade, é unha garantía como defende esta cidade, ós vigueses e ás viguesas. Sábeno e por iso confían nel, por iso se dirixen a este alcalde e por iso están vendo na Xunta de Galicia un claro risco. Vostedes son un perigo. Estamos a ver que fan porque, iso si, fan moita "*cuchipanda*" e mire como axudan vostedes á economía porque coa viaxe a Portugal estarán "contentos" os comerciantes e os hostaleiros de Vigo. Iso é o que axudan vostedes.

A PRESIDENCIA: Hai unha emenda presentada e acéptase a súa inclusión. Polo tanto procedemos á votación da moción incluída a emenda do Bloque Nacionalista Galego.

A Presidencia somete a votación a emenda do Grupo Socialista xuntamente coa emenda formulada pola voceira do Grupo do BNG.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- O Pleno da Corporación esixe á Xunta de Galicia que o reparto dos fondos de políticas activas aos concellos se fagan con criterios de poboación e número de desempregados.

Segundo.- En Vigo está constituído o pacto Local polo emprego; que a Xunta de Galicia teña en conta este foro para deseñar políticas de emprego no municipio.

Terceiro.- Que a Xunta de Galicia aboe tres millóns de euros de fondos de cooperación, conceda os obradoiros, Vigo-Zoo e o plan integrado do emprego solicitados no 2010 para poder contratar 450 desempregados de Vigo.

Cuarto.- Que a Xunta de Galicia inclúa unha partida económica para manter o plan de inclusión social.

5.3.- (317).- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA INSTANDO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL O 35% DO SEU ORZAMENTO DE INVESTIMENTO NA

CIDADE DE VIGO. EXPTE. 102/1101.

ANTECEDENTES.- O voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. López Font, por escrito con rexistro de entrada na Secretaría do Pleno núm. 102 do 16 de decembro, formula a seguinte moción:

“A cidade de Vigo desexa contar co apoio da Deputación de Pontevedra a prol de conseguir unha mellor calidade de vida de todos os vigueses e viguesas en actuacións sobre rúas que necesitan ser humanizadas. Por esa razón, o Alcalde desta cidade en repetidas ocasións solicitou a colaboración da Deputación para que se vexan reflectidas en convenios de colaboración.

Vigo representa un 35% da provincia de Pontevedra, razón pola cal demandamos o trato que merecemos e dedicación por parte da Deputación na rede viaria, que é da súa competencia, abandonada e deteriorada.

As actuacións demandadas polo Alcalde por escrito anteriormente á Deputación son as seguintes:

- Humanización da Av. Portanet.
- Humanización do contorno Casablanca.
- Humanización da Rúa Coruña
- Humanización de Tomás Alonso Fase I-II e,
- Humanización de Travesía de Vigo.

Por outra banda, a Deputación dende o ano 2008 leva investido 350 millóns de euros na provincia de Pontevedra, dos cales cero (0) euros foron para Vigo.

No orzamento de 2011, con investimentos por case 40 millóns de euros, novamente non hai ningún destinado a infraestruturas públicas en Vigo.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte acordo:

Esixir á Deputación de Pontevedra que contemple o 35% de investimento dos seus orzamentos na cidade de Vigo en relación ao seu peso demográfico e que se aplique un índice corrector para emendar a falta de investimento dos últimos anos.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 20 de decembro, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: Bos días a todos e tamén desexar no nome do Grupo

municipal Socialista un feliz Nadal a todos e o mellor para o ano 2011.

Non é a primeira vez que presentamos esta moción, agardo que sexa a última e agardo que pola banda da Deputación provincial de Pontevedra se atenda ós pedimentos desta cidade como realmente corresponde. É un pedimento reiterado que ven xa das primeiras reunións que mantivo o alcalde co presidente da Deputación e que non se atendeu dende ese momento.

Na moción referímonos ás rúas para as que se solicitou a súa humanización, pero tamén nos referimos ó pésimo estado no que se atopan as estradas das que a súa conservación corresponde á Xunta de Galicia. Refírome á de Vigo-A Garrida, Ramiro Pascual, Coruxo-Canido, Estrada Provincial, Meixoeiro-CUVI.

É dicir, a Deputación provincial de Pontevedra está a desatender os reiterados pedimentos que nese ámbito de colaboración institucional se fixeron pola banda do alcalde.

Fronte a isto está o agravio comparativo de atención con outros concellos, destinar 18 millóns de euros para o campo de fútbol do Pontevedra, incrementar permanentemente a achega ó Museo de Pontevedra ata chegar ós cinco millóns mentres que a achega ó Museo MARCO de Vigo queda en 150.000 euros. Insisto polo tanto en que este é o maior dos agravios.

Nos últimos anos a Deputación provincial de Pontevedra realizou investimentos por 350 millóns de euros, deles os investimentos realizados no Concello de Vigo son cero.

A Deputación converteuse no que respecta a Vigo en xeradora de festas, doutro tipo de "*cuchipandas*" como se dicía antes, pero non en atender ás necesidades reais dos cidadáns cando Vigo representa o 35% da provincia de Pontevedra.

Polo tanto de todo o investido nos últimos anos a Deputación Provincial de Pontevedra ten unha débeda con esta cidade de 120 millóns de euros. Débeda que se debería ter concretado en investimentos de todo tipo de infraestruturas.

Esta cidade cambiou gracias ó esforzo investidor do propio goberno municipal e gracias á política municipal do goberno de José Luís Rodríguez Zapatero e non tivo ningunha achega pola banda da Deputación provincial de Pontevedra.

Toda a política de clientelismo xerada dende a Deputación provincial de Pontevedra foi un instrumento en favor da candidata do Partido Popular que,

lembro, foi vicepresidenta da Deputación de Pontevedra e todo isto co beneplácito dos trece concelleiros do Concello de Vigo e co dun dos seus concelleiros que é vicepresidente da Deputación.

Reclamamos polo tanto nesta moción a atención que debe manter a Deputación en canto ó peso demográfico que ten Vigo na provincia de Pontevedra.

Aquí é onde se diferencia o xeito de facer política que temos uns e outros. O goberno de España de José Luís Rodríguez Zapatero puxo en marcha uns plans, coñecidos como plans Zapatero, de 13.000 millóns de euros que se destinaron a todos os concellos proporcionalmente sen facer ningún tipo de distinción. Ningún dos concellos gobernados polo Partido Popular rexeitou estes fondos que foron estritamente proporcionais.

Fronte esta forma de facer política do Partido Socialista do goberno do Estado, a forma de facer política do Partido Popular na Deputación de Pontevedra é, amparándose na súa maioría absoluta, a discriminación total con respecto á cidade de Vigo. Non se atendeu ningún proxecto dos presentados polo alcalde de Vigo ó presidente da Deputación.

Hai ano e medio da última entrevista entre presidente da Deputación e alcalde de Vigo e aínda estamos agardando a concreción pola parte do presidente da Deputación de que é o que lle corresponde realmente a Vigo en canto a obras nese orzamento.

SR. ALONSO PÉREZ: No pasado mandato D^a Corina Porro presentou varias veces a posibilidade de facer un centro de auga en Navia onde máis dun 50% dunha parcela ía ser dedicada a restauración, a tendas, pero non ó que estaba destinada que era un espazo deportivo. Afortunadamente entre os veciños de Navia, o Partido Socialista e o BNG cos seus votos paralizouse esa posibilidade e hoxe hai un pavillón deportivo e un campo de fútbol municipal.

Comento isto porque o presidente da Deputación manifestou varias veces que a Deputación tiña 25 millóns de euros adicados a esa parcela. Quen sega as hemerotecas ve que non é certo porque todo o investimento era privado, pero el insiste en que había 25 millóns de euros dedicados a esa parcela.

O 9 de xaneiro de 2009 o presidente da Deputación fai público que ten 25 millóns

de euros. Inmediatamente logo desas declaracións, o 20 de xaneiro de 2009 este concelleiro de Deportes envíalle unha carta ó presidente da Deputación dicíndolle que estamos encantados de que invista eses 25 millóns de euros en Vigo e que estamos ó seu dispor para asinar acordos conxuntos entre Deputación e Concello. Estou á espera de que a Deputación diga algo.

Pero me parece moito máis grave a facilidade coa que os concelleiros e concelleiras do Partido Popular falan aquí continuamente do desemprego. Eu agocharíame baixo da mesa para falar diso. Como pode falar do desemprego un partido que está a gobernar na Xunta e que dende que está a gobernar aumentan 35.000 os parados e hai 75.000 novos afiliados da Seguridade Social ó paro. Como poden falar diso?

Logo temos a mostra de como actúan nas institucións que gobernan. Como un membro do Partido Popular, con esa actuación da Xunta de Galicia, pode falar aquí do desemprego cando o Partido Popular goberna na Deputación e fai un plan de investimento para a crise, adícanlle 70 millóns de euros e a Vigo dánlle cero euros e aínda non dixeron nada.

Aínda seguen calados os concelleiros e as concelleiras do Partido Popular nesta Corporación porque só veñen bendicir o que fai a Xunta de Galicia cando aumenta o desemprego e a aplaudir o que fai a Deputación cando a Vigo lle dedica cero euros. Como poden falar? Eu agocharíame baixo da mesa, tería que estar calado porque de 70 millóns de euros para paliar a crise, a Vigo adícanlle cero euros e resulta que o presidente da Deputación se reserva o 20% deses 70 millóns, 14 millóns de euros, para investir onde el queira. Esa é a política do Partido Popular a respecto do desemprego e a respecto das promesas para investir na cidade de Vigo.

Coido que por desgracia o papel que lles toca xogar ós concelleiros e concelleiras do Partido Popular aquí é moi difícil porque nas dúas administracións nas que gobernan, Xunta e Deputación, hai discriminación cara Vigo, cero euros a Vigo cando hai aumento do desemprego. Fan políticas de cooperación só nos concellos que goberna o Partido Popular e para Vigo cero euros. Coido polo tanto que o seu papel aquí é un "*papelón*".

Pero polo menos antes de falar que reflexionen porque o que non pode ser é que

Vigo teña que sufrir continuos recortes da Xunta de Galicia e da Deputación gobernadas polo Partido Popular e os compañeiros e compañeiras, concelleiros e concelleiras aquí moi calados e unicamente a xustificar os recortes á cidade. Xa está ben.

SR. LÓPEZ FONT: Coido que o silencio do Partido Popular diante das argumentacións que se deron nesta moción e que xa se deron con anterioridade, é a mellor proba do trato discriminatorio da Deputación de Pontevedra cara esta cidade de Vigo. Que o concelleiro, vicepresidente da Deputación de Pontevedra, non interveña en favor desta cidade cando o que se está a pedir na moción é que a Deputación provincial de Pontevedra atenda na porcentaxe que contribúen os cidadáns de Vigo ó orzamento da Deputación de Pontevedra, é a mellor forma de dicir que o Partido Popular nin ten proxecto para esta cidade, nin lle preocupa esta cidade, nin lle preocupan, como dicía con anterioridade o Sr. Alonso, todos os temas nos que alí onde goberna o Partido Popular se discrimina a esta cidade. A Deputación provincial de Pontevedra percibe por impostos directos e indirectos 150 millóns de euros e a eles contribúen os cidadáns de Vigo nese 35% que mencionaba con anterioridade. A actuación política da Deputación provincial de Pontevedra cando gobernaba o Partido Popular neste Concello era totalmente diferente, era de achegas para este Concello.

Neste momento os vigueses estamos castigados por parte da Deputación por ter un alcalde socialista. Ese é o castigo ó que somete a Deputación provincial de Pontevedra a este Concello. Nós seguimos reivindicando o que lle corresponde a Vigo da Deputación.

Insisto en que o silencio do Partido Popular, non querer debater esta moción, non ter ningunha proposta, ningunha alternativa, nin sequera unha escusa, é a mellor proba de cal é a actitude do Partido Popular con respecto a esta cidade. O único que importa é entregar cheques en man, facer grandes festas no IFEVI e o único que importa é esa política de clientelismo que se segue dende o edificio da rúa Areal, todo orientado en beneficio da candidata do Partido Popular á Alcaldía de Vigo. Esa é a forma de facer política, Sr. Figueroa, e dende logo a vostede, como vicepresidente da Deputación e como concelleiro deste Concello, deberíalle dar

vergoña política non debater, non lles dar unha explicación ós cidadáns de cal é a actitude da Deputación. En todos os temas importantes que afectan a esta cidade é verdade que o Partido Popular o mellor que pode facer é o que fixo ata agora, calar, e cando se fale de desemprego, como tamén se dicía antes, o mellor é calar.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, esixindo á Deputación de Pontevedra o 35% de investimento do seu orzamento na cidade de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Explicación de voto do voceiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila:

O motivo de acudir á explicación de voto, Sr. Alcalde e corporativos, é porque está clara cal é a estratexia do Partido Socialista e do Sr. Alcalde: a confrontación con todas as institucións.

Cando nesta cidade hai 30.000 parados, 10.000 parados máis dende que o Sr. Caballero é alcalde, nós dende logo non imos caer na trampa do obxectivo electoral que teñen vostedes: confrontación, división, separación e falla de cooperación coas institucións.

Eu só vou dar datos. Pódolles dicir que nos últimos anos a Deputación de Pontevedra destinou máis de 30 millóns de euros a esta cidade. Seguramente vostedes non coñecen eses datos porque, aínda que teñen unha deputada, ten

que intervir o Sr. López Font. A Sra. Deputada non debe coñecer o que acontece na Deputación.

Por culpa de vostedes hai 30 millóns de euros que non se puideron investir na cidade de Vigo, 25 millóns para un complexo en Navia e aínda estamos agardando a cesión dos terreos do Colexio Alemán. Esa é a xestión do alcalde de Vigo, a eficacia, a eficiencia da súa xestión que logo de dous anos e medio non é capaz de ceder uns terreos para que a Deputación constrúa o Colexio Alemán.

Polo tanto a Deputación está moi satisfeita, moi orgullosa da súa xestión. Por primeira vez logo de moitos anos ten unha sede oficial na cidade de Vigo que os vigueses agradecen porque non teñen que ir á cidade de Pontevedra para facer as súas xestións.

Repito novamente que estamos moi satisfeitos do noso traballo, pero vostedes buscan a confrontación e por iso non queremos entrar nese tipo de debates. Ós cidadáns preocúpalles outras cousas, que os axudemos. A estrutura social, económica e deportiva desta cidade está perfectamente garantida coas axudas e subvencións que lle presta a Deputación de Pontevedra.

5.4.- (318).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR DEMANDANDO SE SOLICITE Á XUNTA DE GALICIA QUE CONTINÚE COA TRAMITACIÓN DO ANTEPROXECTO DE ÁREA METROPOLITANA. EXPTE.96/1101.

ANTECEDENTES.- O concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. López-Chaves Castro, por escrito con rexistro de entrada na Secretaría do Pleno núm. 96 do 15 de decembro, formula a seguinte moción:

“Durante os últimos meses a Xunta de Galicia recuperou os traballos para a posta en marcha da Área Metropolitana de Vigo.

Todos os traballos deron como resultado a elaboración dun anteproxecto de lei da Área Metropolitana de Vigo.

Por todo iso, o grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno que tome o acordo seguinte:

Solicitar a Xunta de Galicia que continúe coa tramitación do anteproxecto de lei do Área Metropolitana para que conclúa cun proxecto de lei que se presente no Parlamento de Galicia no ano 2011.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 20 de decembro, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: O Partido Popular presenta unha moción na que solicitamos á Xunta de Galicia que continúe coa tramitación do anteproxecto de lei da área metropolitana para que conclúa cun proxecto de lei que se presente no Parlamento de Galicia no ano 2011. Dende logo é unha oportunidade para Vigo, unha oportunidade para toda a área, que exista xa un anteproxecto de lei da área metropolitana que sabemos que durante o bipartito todo o relativo á área metropolitana foi totalmente paralizado e totalmente agochado nun caixón.

Paralelamente é necesario facer unha pouca de historia sobre a área metropolitana. No ano 1992, quizais o xerme da área metropolitana, deuse inicio cun alcalde socialista, Carlos González Príncipe, coa creación da Mancomunidade de Municipios. No ano 1999, sendo alcalde Lois Pérez Castrillo, aprobouse a declaración de Soutomaior e así efectivamente se inician os trámites. Pero o certo é que no ano 2004 se produce un paro na tramitación da área porque non se inicia, nin se ve facilmente. Comparando reunións e trámites vese que con alcaldes socialistas se dá un trámite e un paro na tramitación da área metropolitana.

É en xaneiro do ano 2005 cando a alcaldesa, Sra. Porro, inicia de novo as xestións diante da Xunta de Galicia que culminan cun proxecto de lei que se presenta no Parlamento en xaneiro de 2005. Un proxecto de lei no que por certo non presentaron emendas á totalidade nin o PSOE, nin o Bloque, é dicir, estaban de acordo co texto na súa totalidade. Unicamente presentaron emendas parciais, o Bloque trece emendas e o PSOE vinte e sete emendas e ningunha delas se pode dicir que de especial transcendencia para a área metropolitana. Polo tanto víamos que existía unha conformidade co proxecto e sinxelamente coa tramitación parlamentaria no 2005. A disolución anticipada do Parlamento no ano

2005 impediu que este proxecto de lei continuase.

Chega o bipartito, prodúcese o paro e vemos que esa área metropolitana que levaba reclamando Vigo moitos anos convértese por obra e gracia do bipartito nun sinxelo consorcio de servizos cun obxectivo, dio claramente o conselleiro de Presidencia, Sr. Méndez Romeu, cando di que crea o consorcio para obviar os problemas de traspaso de competencias. O que se quería evitar co proxecto do bipartito era que a área metropolitana tivese competencias e por iso se acudía a outro sistema de xestión a través do consorcio de servizos entre a Xunta de Galicia e os concellos que se incorporarían a ese consorcio.

Hai unha reacción en contra por parte de todos os concellos fronte este proxecto de lei que a Xunta remite ó Concello de Vigo. A Xunta remite o borrador da área metropolitana que era sinxelamente un consorcio de servizos, non era a creación dun novo ente.

Así “Porro tacha de inaceptable o proxecto da Xunta para a área metropolitana”, “O Bloque acusa a Méndez Romeu de dinamitar a área metropolitana”, “Os catorce alcaldes reclaman a lei da área metropolitana para Vigo”, “A Mancomunidade reclámalle á Xunta que recupere o texto da área metropolitana”. De tal xeito que hai unha reacción tan forte que o teñen que retirar e non se produce a tramitación desa idea de consorcio de servizos. O certo é que a partir dese momento se garda nun caixón o proxecto de lei e xorden, iso si, novas iniciativas: “Gabriel anuncia que a Xunta aproba este ano (refírese ó ano 2007) a área metropolitana con vinte e oito concellos”.

Nin vinte e oito municipios, nin no ano 2007 malia o anuncio electoral do Sr. Caballero no mes de maio do ano 2007. A proposta anterior no Parlamento para ser debatida en setembro foi o que garantiu que a lei da área metropolitana entraría en funcionamento este ano. Iso dixo o Sr. Caballero no ano 2007.

O bipartito, PSOE e Bloque, non quixeron tramitar, non elaboraron ningún anteprojecto. Iso si, moitos estudos, moitos borradores, moitos documentos. Saben canto custaron todos os traballos de estudo que realizou sobre a área metropolitana o goberno do bipartito? 500.000 euros para rematar en nada, nin nun borrador. Iso foi o que gastou o goberno bipartito na área metropolitana.

Agora en troques temos un novo borrador, temos un proxecto que supón unha

mellora respecto do que tiñamos antes. Un novo borrador de lei da área metropolitana que se basea no proxecto do ano 2005 pero con novas melloras. Así vemos que se trata por unha banda de mellorar as competencias substantivas, mellórase dende un punto de vista relativo, actualízase en materia de competencias urbanísticas, cualifícase a entidade local como unha entidade de carácter territorial e polo tanto vemos que temos un texto e un borrador que antes non existía.

O texto do ano 2005 obtivo o apoio entusiasta do PSOE e do Bloque que dicía que había que deixar ó Parlamento que traballase. Foi un texto que non se puido tramitar, pero no ano 2009, nas eleccións de marzo e tras da vitoria do Partido Popular...

A PRESIDENCIA: Rematou o seu tempo, Sr. López-Chaves.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A primeira cuestión que eu quereda deixar clara nesta intervención é que o Bloque Nacionalista Galego quere a área metropolitana de Vigo, sempre a quereda e foi a forza política que verdadeiramente pulou esta área metropolitana.

Quero dicir isto porque quero tamén falar dunha das mentiras que o conselleiro de Presidencia está a dicir, unha mentira que agora tamén foi corroborada polo Sr. López-Chaves. Non é certo, Sr. López-Chaves, que este anteproxecto sexa o que se consensuou cando efectivamente era alcalde Lois Pérez Castrillo, cos catorce concellos a través desa declaración de Soutomaior.

O que fixo o Partido Popular no ano 95 foi levar ese consenso ó Parlamento e ese consenso non se parecía absolutamente en nada a aquel anteproxecto que o Partido Popular presentara no Parlamento e por iso daquela, como vostede ben dicía, o Bloque Nacionalista Galego presentou trece emendas parciais que efectivamente quedaron nun caixón, que non están recollidas absolutamente para nada no anteproxecto que agora vostedes presentan. Polo tanto, quen rompe o consenso?

Aquel consenso que emanaba da declaración de Soutomaior rómpeo en primeiro lugar o Partido Popular porque non acepta nin unha soa desas emendas parciais,

nin tampouco as acepta agora porque non están recollidas neste anteproxecto; rómpeo o PSOE nalgún momento tamén cando, logo desa declaración dos catorce concellos, aparece unha proposta que a nós non nos gustaba do consorcio de servizos, aparecen outras propostas de vinte e oito concellos, outras dunha grande área Vigo-Pontevedra, etc.

Polo tanto o Bloque Nacionalista Galego quere poñer enriba da mesa unha primeira cuestión: si queremos área metropolitana e si queremos o consenso. Por iso, por mor dese consenso nós facemos unha pregunta a todas as forzas políticas desta Corporación. Queremos todos e todas unha área metropolitana consensuada? Queremos que o financiamento desa área metropolitana non sexa exclusivamente a custa dos Concellos e si se manifeste claramente o que as outras administracións teñen que poñer? Queremos que a área metropolitana non signifique dobrar unha administración máis en tempos de crise e coa austeridade que todos promulgan? Queremos que unha área metropolitana clarifique e especifique realmente os servizos que ten que vertebrar? Queremos que a Deputación, en troques de seren un dobre desta área metropolitana, os seus recursos e as súas competencias se descolguen realmente a esa futura área metropolitana?

Se queremos isto, nós dicimos: cal é a dificultade para que agora e hoxe saia unha declaración da Corporación municipal onde se diga si á área metropolitana, si por consenso, que non sexa unha duplicidade, que a Deputación descargue competencias na propia área e que os servizos estean claros.

Nós presentamos unha moción vía urxencia porque queríamos promover e chegar a este consenso. Son catro puntos e ningún máis e a min me gustaría que as outras forzas políticas dixeran se non están de acordo a que sexa unha área metropolitana con consenso, que non lle custe moito máis ós cidadáns, que non dobre administracións e que estean moi claras e concisas as competencias. Se niso estamos todos de acordo hoxe deberíamos poder chegar por unanimidade a aprobar esta declaración.

De non estaren de acordo con eses catro puntos mínimos é que realmente aquí non estamos falando dun consenso, estamos falando por unha banda de políticas electorais e por outra banda, señores do PP, están falando de que vostedes o que

están a facer é salvando as costas ó Sr. Louzán porque non quere rematar co *chiringuito* da Deputación.

É increíble que o Sr. Louzán diga textualmente nunhas declaracións que estará disposto a negociar competencias da Deputación. Quen manda non é o Sr. Louzán, quen manda é un goberno galego que ten que propiciar un consenso que non quixo propiciar.

SR. LÓPEZ FONT: Sorprende a moción do Sr. López-Chaves e sobre todo a explicación e a exposición de motivos que relatou durante os cinco minutos que lle correspondían. Digo iso porque dende o goberno municipal de Vigo estamos a favor da área metropolitana de Vigo, a favor da cooperación institucional para que saia, pero lle lembro, Sr. López-Chaves, que levan vostedes gobernando co Sr. Núñez Feijóo dous anos. Falou dos proxectos que fixeron os demais e do que tardaron cando o Sr. Núñez Feijóo na súa visita a este Concello en xullo de 2009 prometeu que ía pular a área metropolitana e aínda o texto da súa moción permitiría que se puidera presentar o anteproxecto de lei o día 31 de decembro de 2011. Coido que esta non é a forma de actuar.

Eu non lle vou responder ó relatorio que fixo vostede en canto acontecementos, sobre o que propuxo unha ou outra formación política. Imos facerlle no nome do Grupo municipal Socialista unha emenda que xa entregamos á proposición que vostedes presentan en positivo porque nós si temos proxecto de área metropolitana, Sr. López-Chaves, e mentres vostedes estaban novamente nestes meses anteriores embarcados na realización de estudos, ata que non presentou o alcalde de Vigo este proxecto de área metropolitana vostedes non presentaron un proxecto concreto. A emenda que presentamos á moción é no interese de que haxa área metropolitana, pero no interese en mellorar o texto que vostedes presentaron que é amplamente mellorable e por iso nós facemos esta achega.

Hai que falar de futuro e por iso nós dicimos na emenda que presentamos que estamos a favor da tramitación deste anteproxecto de lei, pero que debe ser no primeiro semestre de 2011. Non hai ningunha xustificación, Sr. López-Chaves, para que vostede queira alongar isto ata o remate do ano 2011.

Por outra banda se debe realizar nun ámbito de cooperación territorial e

institucional, que esta é a que propoñemos nós e dende o Concello de Vigo o alcalde comprométese a poñer en marcha. Logo hai oito aspectos que coidamos que son importantes e que deben estar claramente definidos no proxecto. En relación coa intervención do Sr. Domínguez Olveira coido que esta emenda que propoñemos engloba practicamente todo o que el expuxo. Vou resumir.

En primeiro lugar debemos evitar o solapamento das administracións, que a creación da área metropolitana supoña que tres administracións teñan competencias sobre un mesmo tema. Debemos contemplar a solvencia e suficiencia financeira e aquí a máxima é que a constitución da área metropolitana nunca lle pode supoñer ós cidadáns desta área metropolitana un euro de incremento nos seus impostos e isto nos textos que vostedes presentaron dalgunha forma, tanto nuns como noutros, recóllese. Polo tanto se debe establecer especificamente unha transferencia dos fondos para cubrir as competencias.

A representatividade e a gobernabilidade que propoñemos na nosa emenda é a que vostedes presentaron e que asumiu o Sr. Núñez Feijóo o 15 de febreiro de 2006. O que ocorre é que agora, co proxecto que presentaron, o que tratan e de darlle menos representatividade ó Concello de Vigo que representa o 62% da área metropolitana e xa neste proxecto rebaixámonos en beneficio do resto dos concellos un 18% de representatividade.

Pero tamén se debe contemplar unha autonomía local. Débese garantir a autonomía local dos concellos integrantes e tamén o autogoberno evitando calquera tutela ou supervisión doutras administracións.

Debemos ser ambiciosos e chegar a un máximo teito de competencias. Materias coma a prevención contra lumes, policía local e outras tamén se deben contemplar.

No tema das transferencias de competencias debe de quedar perfectamente nítido e claro que competencias pasan da Deputación e da Xunta a esta área metropolitana.

Tampouco a creación de ningún persoal novo que supoña incremento.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Decía Alán Finguer Claw que Salomón lle pedía ó

Eterno que lle dese un corazón intelixente. Eu pido tamén ese corazón intelixente para poder entender o proxecto que supón para Vigo a área metropolitana. Catro anos agardando sen ningún documento e agora hai o cumprimento dun compromiso electoral que fixo no seu discurso de investidura Alberto Núñez Feijóo: en relación con Vigo a área metropolitana e o novo hospital público de Vigo. Un adxudicado e da outra un anteproxecto que se presenta agora. En catro anos nin un borrador, nin un documento, nin unha iniciativa; non existiu nada, sinxelamente trataban paralizar a tramitación da área para agardar a que chegase a da Coruña. Por certo, o que dixo hai pouco o Grupo parlamentario do Partido Socialista no Parlamento de Galicia, que a área de Vigo tiña que esperar a que chegase a área da Coruña. Ese era o obxectivo do conselleiro, Méndez Romeu, quería paralizar a área metropolitana para sinxelamente atrasar e agardar a que chegase a da Coruña.

O do Bloque sorprende. Están a favor pero votan en contra. Votaron en contra da proposición de lei que presentou o Partido Popular que era igual á do ano 2005. Votan en contra deste novo proxecto da área metropolitana. Sempre están en contra, autopistas non, estatuto non, constitución non e por riba agora o proxecto da área metropolitana. Sempre se auto marxinan, sempre se poñen na contra dos proxectos que son de interese e se chega a grandes consensos. Por que? Se se auto marxinan logo non reclamen.

Ademais acaba de dicir que das trece emendas non se aceptou nin unha. Emenda número un: "Entidade territorial. Artigo 1 do borrador de lei da área metropolitana". Está recollida. A primeira emenda de seu está recollida no actual texto do anteproxecto de lei da área metropolitana. Non o leron. Toda a súa escusa de que non recolleron nin unha soa emenda non é certa. Recóllense as súas proposicións, a número un xa está recollida e é unha modificación de fondo calado, efectivamente.

Respecto do Partido Socialista en catro anos non presentou nada. Se o Partido Socialista presenta esta emenda como partido que o faga no Parlamento onde se debate a lei, se é que está de acordo todo o partido con esta emenda que presenta o Sr. Caballero. Se é como Corporación xa nos pronunciaremos todos sobre este tema, pero se é como partido preséntena no Parlamento. Hai un

importante cambio: “Dos catorce municipios que supuxo un importante atraso, Caballero afirma que só se creará a área de Vigo con vinte e oito municipios”. Xa cambiaron. Todo foi sinxelamente atrasar.

Por último o proxecto de lei de Caballero cualificándoo xuridicamente sería coma un Frankenstein, recortar para pegar.

A PRESIDENCIA: Pronúnciese sobre se acepta a emenda, Sr. López-Chaves, que xa o tería que ter feito durante os tres minutos.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Non.

A PRESIDENCIA: Non aceptada a emenda polo grupo proponente, procedemos á votación do punto 5.4.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. López-Chaves Castro, instando á Xunta de Galicia a continuación da tramitación do anteproxecto de lei da Área Metropolitana, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS URXENTES.

6.1.- (319).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE REXEITAMENTO AO ANTEPROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DA ÁREA METROPOLITANA. EXPTE. 105/1101.

ANTECEDENTES.- A voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, por escrito con rexistro de entrada na Secretaría do Pleno núm. 105 do 23 de decembro, formula a seguinte moción:

“1.- A Xunta de Galicia ven de anunciar a presentación do anteproxecto de Lei de creación da Área Metropolitana de Vigo que ten por obxecto e natureza a creación da área metropolitana de Vigo e o regulamento da súa organización, competencias e financiamento.

2.- É o resultado dun proceso no que non houbo concertación nin consenso xa que na elaboración de dito anteproxecto non tiveron unha participación efectiva e real os concellos afectados, limitándose o Goberno galego ao establecemento de contactos mediante persoal técnico, pero sen ningún encontro de traballo no plano político, limitándose posteriormente a un convite de alcaldes e alcaldesas e outras personalidades para facer unha presentación mediática e sen convidar ao conxunto das corporacións locais.

3.- Examinado o contido de dito anteproxecto, desprendese que é unha proposta que non responde ás necesidades de vertebración dun espazo xeográfico funcional de feito en base as seguintes cuestións:

- a) Non obedece a unha reforma da estrutura institucional local galega, no camiño da racionalidade e austeridade no gasto público e dirixida a configurar un novo mapa institucional local que adecúe os entes locais á nosa realidade e permita superar a actual delimitación provincial e ás propias Deputacións provinciais.
- b) Non é a formulación mais acaída nin dende a perspectiva da súa función política, nin da súa racionalidade e eficacia administrativa, nin tampouco da súa adecuación á realidade territorial na que pretende asentarse.
- c) A súa implantación representa unha duplicación do armazón institucional fronte a racionalidade das distintas estruturas da administración existentes.
- d) Representa un incremento na carga impositiva á cidadanía que reside no ámbito xeográfico que abrangue.
- f) Non define o necesario traspaso á Área das funcións e atribucións que ten a Deputación provincial.
- g) Non contempla a necesaria autonomía financeira mediante as achegas económicas precisas por parte da administración autonómica nin da Deputación provincial.
- h) Non define dun xeito claro e conciso as competencias que pode desenvolver

supeditándoas a un proceso de desenvolvemento futuro.

Polo exposto, o Grupo Municipal do BNG, presenta para aprobación polo Pleno, as seguintes resolucións:

1.- Rexeitar de xeito categórico a formulación proposta no anteproxecto de Lei de creación da Área Metropolitana de Vigo e emprazar ao Goberno galego á súa retirada.

2.- Impulsar a reforma da lexislación básica en materia de réxime local, de xeito que resida no Parlamento Galego a capacidade plena sobre o deseño institucional e administrativo das entidades locais de Galicia

3.- Impulsar a instauración progresiva dun novo esquema institucional local que que supoña unha redución das estruturas burocráticas, que conterà os seguintes fitos:

- a. Redución das atribucións e funcións das Deputacións Provinciais, mantendo -entanto non se aborde a necesaria reforma constitucional- exclusivamente as relacionadas coa asistencia a municipios.
- b. Traspaso das funcións e servizos das corporacións provinciais á administración galega e aos concellos.
- c. Institucionalización definitiva das comarcas e áreas metropolitanas como entes territoriais supramunicipais asumindo a xestión comarcal das competencias das Deputacións Provinciais.

4.- Retomar os traballos desenvolvidos ata o de agora para a creación da Área Metropolitana de Vigo mediante a participación de todos os concellos implicados na proposta inicial, e garantindo un proceso de concertación e consenso para acadar a proposta mais acaida para esta área xeográfica."

DEBATE DA URXENCIA.- A PRESIDENCIA: Presentouse pola banda do Bloque Nacionalista Galego unha moción urxente que obra en poder das señoras e señores concelleiros e dime a secretaria que ten que ser tratada no punto 6. Procederemos polo tanto en primeiro lugar ó debate da urxencia da moción. Tempo de dous minutos para o debate da urxencia deste proxecto.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Este tema ben vale o esforzo de que teñamos polo menos un certo tempo máis para o debater porque coido que é moi importante. Por iso o Bloque Nacionalista Galego presenta esta moción vía urxencia habida conta que nos temíamos que non se puidera chegar a ese consenso que nos parece fundamental.

Volvo dicir que me parece urxente porque se vai tratar este tema no Parlamento onde o Bloque Nacionalista Galego evidentemente porá a súa postura, pero sería moi importante que por unha vez esta Corporación adquirira unha postura unánime sobre a lei da área metropolitana. É certo que a primeira emenda de trece incorpórase. Agora di o Sr. López-Chaves que é de gran calado, hai un momento dicía que era sen ningunha importancia. Xa ven como as contradicións están claras.

Repito que eu coido que se todo o mundo estamos de acordo en que a lei ten que contemplar un financiamento claro que non recaia sobre os concellos, un consenso que o BNG iniciou no seu momento, que as competencias da Deputación teñen que verterse nesa área metropolitana e ten que contemplar unha definición clara dos servizos. Se nestas catro cousas realmente é tan difícil que todos esteamos de acordo, por iso o BNG está disposto a debater esta moción e a retirala se fai falla, a cambiar se fai falla, o texto resolutivo se somos quen de nos poñer de acordo neste catro puntos.

A cidadanía non entendería que alguén se negara a que a área metropolitana estivera concretada no seu financiamento, nos seus servizos, non fora unha duplicidade e non fora por consenso.

Este é o motivo da nosa moción polo que a queremos debater.

SR. FIGUEROA VILA: Con respecto á urxencia, Sr. Alcalde, eu coido que se está utilizando e desvirtuando o regulamento permanentemente. Parécenos que hai unha moción presentada polo Grupo Popular e o lóxico é que, cando hai unha moción e preséntase outra antes dos prazos correspondentes, se poidan facer as intervencións conxuntamente. Pero se logo de debater unha moción, rexeitala ou aprobala, resulta que se presenta por urxencia outra, a nós coma argumentación parécenos desvirtuar o Regulamento e por iso queremos dar un toque de atención.

Nós non imos votar máis mocións de urxencia destas características. Coido que a nosa postura é razoable sen entrar no fondo do tema, que nos parece que é verdadeiramente importante pero, como se se quere facer un monográfico da área metropolitana, estamos dispostos a tratalo nun Pleno, non temos

absolutamente ningún problema, pero coido que os mesmos políticos temos que comezar a seren rigorosos á hora de aplicar o Regulamento.

Polo tanto presentamos esta posibilidade, se vostedes queren non temos ningún problema en que no próximo Pleno o primeiro punto da orde do día sexa o tema monográfico sobre a área metropolitana. Estamos dispostos a debater con todas as consecuencias, parécenos de importante calado para esta cidade. Ata aí chegaríamos.

Imos votar a urxencia desta moción como o fixemos sempre ata agora pero en calquera caso xa anunciamos que a partir de agora non imos votar este tipo de mocións de urxencia. Hoxe imos dar o visto bo para tratala pero xa anunciamos que non imos volver ter esta posición senón que pola contra as imos rexeitar.

En calquera caso invitamos ó voceiro do Bloque, Sr. Domínguez Olveira, a que se quere tratamos esta moción coma un tema monográfico sobre a Área metropolitana, non temos absolutamente ningún problema.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sr. Figueroa, como hai unha proposta enriba da mesa que a min me parece moi razoable, Sr. Domínguez Olveira, Sr. López Font e Sr. Figueroa, sería retirar esta moción urxente e no próximo Pleno tratar como monográfico un punto que fose “Área metropolitana” e así ter un certo tempo para falar entre os tres grupos e tratar de chegar a un acordo, porque coido que esta vez non houbo tempo suficiente, e para facer un certo debate máis sosegado, fóra das mocións de urxencia.

Fago a proposta, Sr. Domínguez Olveira, de retirada deste punto que vostede mesmo ofertou e podelo tratar como un punto monográfico con propostas dos tres grupos no seguinte Pleno.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Está claro que facía falta a presentación desta moción para que chegáramos a esta decisión. De non chegaren presentar esta moción non quedaría espazo para esta proposta do Sr. Figueroa. Alérganos polo tanto que esta moción sirva para tentar chegar a un consenso.

Á proposta do Sr. Figueroa eu sinxelamente diría que preferiríamos que en troques de agardar un mes, que se convoque un Pleno extraordinario sobre a lei

da área metropolitana. Esta é a proposta do Bloque Nacionalista Galego.

A PRESIDENCIA: En Xunta de Voceiros se tratará ó remataren este Pleno, se lles parece.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: De acordo. Queda retirada a moción.

En base ao exposto durante o curso do debate, en relación coa realización dun Pleno extraordinario monográfico sobre o asunto de que se trata, o Tenente de Alcalde, Sr. Domínguez Olveira, retira a anterior moción.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1.- (320).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 29 de novembro e 27 de decembro de 2010.

1.2.- (321).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellarías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 29 de novembro e 27 de decembro de 2010.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se realizaron.

4.- MOCIÓNS.

4.1.- (322).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO Ó GOBERNO MUNICIPAL A CONXELAR A SUBIDA DO BILLETE DE VITRASA E A CONSIDERAR UN PREZO BONIFICADO PARA AS FAMILIAS NUMEROSAS. EXPTE. 94/1101.

ANTECEDENTES.- O concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Coello Bufill, por escrito con rexistro de entrada na Secretaría do Pleno núm. 94 do 15 de decembro, formula a seguinte moción:

“A situación que esta a vivir a cidade con 30.000 vigueses nas listas do paro, sen atopar ningún tipo de solución está a supor moitas situacións complicadas nas familias do noso contorno que non poden soportar a presión dos incrementos de taxas e impostos que se producen dende o Concello.

Dende o Partido Popular son reiterados as situacións denunciadas con relación ao prezo do billete do transporte público de viaxeiros da cidade, que cada ano conta co beneplácito do Goberno para o seu incremento. Postura que pretendemos mudar pedindo a súa conxelación.

O goberno debería meditar sobre a perda dun millón de usuarios do Vitrasa nos últimos dous anos e potenciar o seu uso con políticas que beneficien aos vigueses en lugar de gravar os prezos.

O enorme malgasto público do goberno actual non se entende nin se comparte

cando teñen que ser os vigueses os que sufraguen as alegrías do gasto improdutivo pagando máis cada ano que pasa, cos incrementos fiscais e de servizos do Concello de Vigo.

Os vigueses se merecen os mellores servizos públicos e o mellor prezo posible, e nestes momentos en Vigo non temos nin unha cousa ni a outra.

Por todo isto o GM do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a adoptar a medida de conxelar a subida do billete de Vitrasa, tanto do ordinario como do bonificado, para o próximo ano 2011, así como considerar un prezo bonificado para as familias numerosas".

A comisión informativa de Mobilidade, na súa sesión do 20 de decembro, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: Bos días, presidente, concelleiros e concelleiras, as miñas máis cordiais e sinceras felicitacións ós medios de comunicación, á Policía Local, ós técnicos e funcionarios, así como a todos os grupos políticos.

A decisión do alcalde sobre o billete de Vitrasa constata un rotundo fracaso na política do transporte da cidade que vertebran todas as sociedades modernas.

O Partido Popular, que se senta nesta banda, acertou na moción que solicitaba a conxelación do billete de Vitrasa. Digo isto porque me remito ós medios de comunicación: "Caballero dá marcha atrás e decide anular a subida do prezo do bus". Son testemuñas fieis e mudos os medios de comunicación pero contan a realidade do que acontece aquí. Eu sinxelamente limítome a trasladalas.

Ó longo destes dous últimos anos baixouse un millón de viaxeiros do autobús malia as nosas claras advertencias de que non se estaba realizando absolutamente nada. O fracaso é froito da arrogancia dun goberno que funciona a bandazos, parecido á moeda, cunha cara e con outra, en Madrid e aquí dos señores Rodríguez Zapatero e Caballero.

Como se explica que tramitado o expediente administrativo correspondente á suba de tarifas de Vitrasa para o vindeiro ano e divulgado polos medios de comunicación hai uns días, se modifique nun tempo récord logo de coñecer o pedimento do PP da conxelación de tarifas e de bonificacións ás familias numerosas? Que negociou o alcalde con Vitrasa? Que compensacións ofreceu?

Vai fiscalizar o Concello o número de viaxeiros que Vitrasa xustifica mensualmente? Realmente ós vigueses nos vai custar esta medida, 500.000, 600.000, 1.000.0000 de euros? Non o sabemos.

Logo de catro anos o tempo deunos a razón, o Vitrasa non funciona. Dende o inicio da lexislatura por parte do concelleiro, Sr. Calviño, se nos dixo que o mal funcionamento do Vitrasa era por mor das obras e da situación de crise pero eu remítome outra vez á prensa: “O transporte público pasa do reloxo”. “Un millón de pasaxeiros baixáronse do bus en dous anos”. “Vitrasa perde un millón de usuarios en dous anos”. “A velocidade media do autobús urbano só chega a 17 km”.

Nós sempre manifestamos que o goberno de Caballero carecía dun plan de tráfico, dunha política de transporte público e tiña unha manifesta falta de xestión. O Vitrasa non tivo carrís-bus para mellorar o seu servizo, cumprir horarios e frecuencias e atopouse cunhas masivas humanizacións que impiden o normal funcionamento do servizo reducíndose a velocidade media tal e como acabo de dicir.

Pasarei agora á segunda parte da moción que fala das subvencións para as familias numerosas no transporte público.

A Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas establece que “A familia como núcleo fundamental da sociedade desenvolve múltiples funcións sociais que a fan merecedora dunha protección específica, tal e como sinalan numerosos instrumentos internacionais entre os que destaca a Declaración universal de dereitos humanos e a Carta social europea”. Pola súa banda a Constitución española de 1978 establece no seu artigo 39 que “Os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica das familias”.

Dito isto, hai diversas realidades familiares. As chamadas familias numerosas presentan unha problemática particular polo custe que representa para elas o coidado e a educación dos fillos. Estas circunstancias poden implicar unha diferenza substancial co nivel de vida doutras familias con menos fillos ou sen eles.

Por iso mesmo pedimos isto de acordo coa lei mencionada que no seu artigo 12

di: “Exencións e bonificacións en taxas e prezos. As administracións públicas competentes establecerán un réxime de exencións e bonificacións para os membros das familias numerosas que teñan recoñecida tal condición en relación coas taxas e prezos pola prestación de servizos ou a realización de actividades da súa competencia nos seguintes ámbitos: a) Os transportes públicos urbanos e interurbanos”.

Quedo aquí porque realmente esas son as políticas que fan cohesionar á nosa sociedade en época de crise. Non esquezamos que as familias son as que están sendo golpeadas brutalmente nestes momentos.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Moi bos días e felices festas a todos e todas.

Dende logo é asombroso escoitar unha moción na que non se expón realmente o que o goberno está a propoñer que é algo que nunca se fixo neste Concello, de xeito que é absolutamente histórico que un goberno municipal tome a decisión de non aumentar absolutamente nada o billete normal, o que se merca individualmente. É a primeira vez que se fai na historia e faise coa intención moi clara de apostar decididamente polo transporte público. En todo o demais, en todos os bonos, non só conxelar, senón mesmo baixar un céntimo. Isto é algo absolutamente histórico, novidoso, que mesmo non coñezo de ningún concello de España o que indica claramente o serio compromiso deste goberno co transporte público.

Falou vostede dunha marcha atrás. Eu non sei de onde saca iso. Sabe perfectamente que hai unha valoración técnica á hora de decidir as tarifas, valoración esixida polo prego de condicións e polo contrato, que fai que haxa sempre un informe absolutamente técnico, tómanse unhas decisións sobre ese informe e en efecto sae esa suba de tres céntimos respecto ó billete anterior. Suba que normalmente sempre se repercutiu nos bonos porque obviamente os orzamentos municipais non son de goma e non estiran.

Pois ben, iso é unha cousa, unha proposta técnica, pero logo está a decisión política dun goberno que aposta claramente por atender á situación moi especial de crise económica que existe e atender a todas as familias e facelo ademais dun xeito global para converter o transporte público no transporte para todos e todas

nesta cidade, non só para os desfavorecidos que vostede sabe que é un dos obxectivos fundamentais de calquera política correcta de transporte coma é a que tentamos aplicar.

Non me veña vostede coa diminución. Xa sei que lle gusta redondear, falar do millón de pasaxeiros que se perderon nos dous últimos anos. Non é esa a cantidade, sábeno de sobra, é bastante menos, pero por exemplo esquece o aumento de 519.837 pasaxeiros do primeiro ano deste goberno. Por que daquela aumentaron e logo non? O primeiro ano fixemos unha política moi clara de aposta polo transporte público o que afasta calquera tentación de considerar electoralista a decisión que estamos tomando. Ese primeiro ano xa tomamos a decisión de que o bono se conxelara absolutamente para todos.

Pois ben, esa suba é moi importante porque todas as subas que tivo o goberno anterior de D^a Corina Porro vostede sabe de sobra que foron absolutamente falsas, foron consecuencia dunha decisión moi boa para os pensionistas desta cidade, moi boa tamén para o transporte público e moi mala para as arcas municipais, pero en definitiva sendo boa para os cidadáns haino que dar por positivo. As únicas subas das cifras de pasaxeiros dos anos de D^a Corina Porro foron a duplicidade, triplicidade, etc., dos billetes dos xubilados e vostede sabe da bola de neve da que eu lle falaba daquela. Esa é a política de seu. Evidentemente a empresa cobrou o billete absolutamente íntegro. Felizmente é unha boa medida social.

Coméntolle que sen embargo vostedes xamais conxelaron tarifas nin bonos, nada de nada. O último ano, en troques de subir os bonos cinco céntimos subíronos dous gracias a un rogo preventivo do que eu me lembro ben, logo de moitos escritos deste concelleiro para que polo menos non repercutiran vostedes toda a suba nos bonos porque xa empezaba a haber crise económica. Foi o único ano no que vostedes só subiron os bonos dous dos cinco céntimos que subiu todo o prezo restante.

Dicirille polo tanto respecto á cifra de transporte que se reduciu a nivel de España nun 7%; aquí reducíramos a mes de novembro un 1,58% é un auténtico éxito.

SR. COELLO BUFILL: Sr. Calviño, que sensibilidade ten vostede respecto das

familias numerosas que nin un só minuto, nin medio segundo adicoulles. Sabe cantas hai segundo o censo da Xunta? Hai 7.605 familias na provincia de Pontevedra. Non me diga, Sr. Calviño, que vostedes teñen sensibilidade, que defenden as políticas sociais deste Concello porque nin unha soa liña, nin un só segundo; é un escándalo que vostede non dedicara nin medio segundo á proposta das familias numerosas. Parece que aquí somos “ultramontanos”, pero eu lle lin a Carta das Nacións Unidas, a Constitución que ampara ás nosas familias numerosas e vostede non lles dedicou nin medio segundo.

Di que é histórica esa conxelación e esa baixada, pero a imos pagar todos os vigueses. Vostede non premeu suficientemente á empresa concesionaria e ímolo pagar todos os vigueses, non sabemos en que contía, pero o imos pagar. Evidentemente tamén imos beneficiar a moitas persoas que non están censadas aquí. Pero ás nosas familias numerosas non lles dedicou nin un só segundo.

Sr. Calviño, sabe vostede a prognose e o diagnóstico que fai a empresa para o ano 2011? Baixada de 600.000. Ou sexa, vanse perder 600.000 usuarios, ven na Memoria que segundo o estudo que fai a empresa serán 600.000, que unidos ó 1.000.000 serán 1.600.000. Esa é a realidade.

A tarifa para o próximo mandato, no que non dubide imos gobernar nós, van deixala vostedes en 1,20, mire o tramo que haberá que negociar cando a empresa pediu 1,25. Evidentemente ó noso xuízo é escandaloso.

Vostede debería ter feito presión sobre a concesionaria. Agora que está moi de moda o tema dos rescates, o alcalde veu no seu rescate á última hora porque vostede lle dirixira ó interventor unha provisión de fondos de preto de 9 millóns, pero agora se vai multiplicar e tiveron que vir rescatalos a vostedes.

Vólvolle dicir, Sr. Calviño, que vostede vai pasar á historia democrática como o concelleiro que sempre chega tarde.

A PRESIDENCIA: Só queredría dicir que de votar a favor desta moción, iso significaría que teríamos que subir os bonos-tarxeta verde nun céntimo?

SR. COELLO BUFILL: En absoluto. Sr. Alcalde, non tente sorprenden a boa fe. Eu actuei con boa fe.

A PRESIDENCIA: Sr. Concelleiro, quero dicir que se quere retirar unha parte da moción para os efectos da votación e deixar outra, facilítolle a cuestión. É o que quería dicir.

SR. COELLO BUFILL: Eu pedín que se conxele todo e pedín algo das familias numerosas.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Coello Bufill, instando a conxelación do billete de Vitrasa para 2011 e considerar un prezo bonificado para as familias numerosas, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2.- (323).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO Á ALCALDÍA MANTER ABERTO O SERVIZO DE ASESORAMENTO A EMPRENDEDORES ASÍ COMO A REABRIR O SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL. EXPTE. 95/1101.

ANTECEDENTES.- O concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, por escrito con rexistro de entrada na Secretaría do Pleno núm. 95 do 15 de decembro, formula a seguinte moción:

“O principal incumprimento do goberno municipal nestes tres anos e medio de goberno é, sen lugar a dúbida, a promesa do “pleno emprego”.

Desde que Caballero é alcalde, o desemprego creceu máis dun 62%, pois a día de hoxe o número de persoas inscritas como demandantes de traballo en Vigo, ascende a 28.916, 11.125 persoas máis que en xuño de 2007, cando gobernaba na cidade o Partido Popular.

Mentres, os vigueses comprobamos como o Goberno de España baixa os salarios, conxela as pensións, sobe os impostos, a luz, a gasolina, etc., e improvisa a golpe de Real Decreto con medidas como a de suprimir en febreiro a axuda de 426 euros ós desempregados de longa duración, deixando tiradas ás persoas que máis o necesitan.

Para non quedar atrás nos recortes, o alcalde Caballero está desmantelando todos os servizos públicos de emprego cos que contaba o Concello: a primeiros de 2010 suprimiu o SOL (Servizo de Orientación Laboral) e a 30 de decembro vai pechar o SAE, Servizo de Asesoramento a Emprendedores.

Estes feitos supoñen a constatación do enorme fracaso e da falta de xestión que existen no goberno municipal en materia de emprego, por iso o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ó Alcalde de Vigo a manter aberto o SAE (Servizo de Asesoramento a Emprendedores) e reabrir de forma inmediata o SOL (Servizo de Orientación Laboral) co obxectivo de fomentar o autoemprego e a procura activa de emprego na cidade.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, na súa sesión do 20 de decembro, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. FIDALGO IGLESIAS: O principal incumprimento do goberno municipal nestes tres anos e medio de goberno, é sen ningunha dúbida a promesa do pleno emprego.

Dende que Caballero é alcalde o desemprego creceu máis dun 62% pois a día de hoxe o número de persoas inscritas como demandantes de traballo en Vigo ascende a 28.916, 11.125 persoas máis que en xuño de 2007. Por iso dicimos que o Sr. Caballero pasará á historia como alcalde do paro. Mentres os vigueses comprobamos como o goberno de España baixa os salarios, conxela as pensións, sobe os impostos, vai volver subir a luz o mes que ven, o tabaco, a gasolina e

improvisa a golpe de real decreto con medidas como a de suprimir en febreiro a axuda de 426 euros ós desempregados de longa duración deixando tiradas ás persoas que máis o necesitan.

Para non ser menos, o alcalde Caballero ademais de reducir o orzamento de emprego nun 20%, pasando de 3.250.000 a 2.627.000 euros, está tamén desmantelando todos os servizos públicos de emprego cos que contaba o Concello. A primeiros de 2010 suprimiu o SOL, Servizo de Orientación Laboral, e esta semana vai pechar o SAE, Servizo de Asesoramento a Emprendedores.

Estes feitos supoñen a constatación do enorme fracaso e da falla de xestión que existe no goberno municipal en materia de emprego. Por iso o Grupo municipal do Partido Popular proponlle ó Pleno da Corporación instar ó alcalde de Vigo a manter aberto o Servizo de Asesoramento a Emprendedores e reabrir de forma inmediata o Servizo de Orientación Laboral co obxectivo de fomentar o auto emprego e a busca activa de emprego na cidade.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Creo que primeiro hai que informarse un pouco antes de presentar a moción porque hai cousas obxectivas, como que o Servizo de Orientación laboral non está pechado, está funcionando perfectamente, ten unha subvención da Xunta e aí están as persoas desenvolvendo as súas funcións e traballando. Polo tanto se ten que informar un pouco mellor.

Respecto ó Servizo de Asesoramento de Emprendedores, como xa manifestei na anterior moción, a Xunta de Galicia non está a atender como debe ós desempregados e desempregadas de Vigo. Vemos como obradoiros de emprego e escolas-obradoiro se lle denegan a este Concello de Vigo, vemos como plans integrais son denegados a este Concello de Vigo e vemos como en cooperación de 2.300.000 euros do ano 2009 co anterior goberno, temos agora mesmo 625.000 euros para contratar persoas en difícil situación.

Esa redución leva a que o noso alcalde, Abel Caballero, que é o alcalde do emprego e da dinamización da economía da nosa cidade, invista os recursos do noso Concello en contratación directa. Concretamente verán vostedes, porque seguen os expedientes da Xunta de Goberno, como se contratou a 31 persoas máis no Plan Útil, na Unidade de Traballo para a inserción laboral, 31 persoas

máis que contrata o noso alcalde, Abel Caballero, o alcalde do emprego e da economía da cidade. Ademais destinamos fondos para que o Plan Integral de Emprego, que nos posibilitou nos dous anteriores que foran contratados máis de 300 desempregados e desempregadas da nosa cidade, o noso alcalde dotoullo de recursos para que o poidamos facer con medios propios.

Polo tanto este Servizo de Asesoramento a Emprendedores que prestan na nosa cidade innumerables entidades, dende a Cámara de Comercio, a propia Mancomunidade, Asociación de Xoves Empresarios, Asociación de Empresarias da Provincia de Pontevedra, Asociación de Traballadores por Conta Propia, CEAGA, Comisións Obreiras, Fundación da Universidade de Vigo..., temos polo tanto ata dezanove entidades que desenvolven este labor. Ademais este era un programa que obtiña subvención da Xunta de Galicia e polo visto ata agora, nos diversos programas que fomos solicitando, non tiñamos tampouco garantías de que se concederan.

Vendo polo tanto que hai un servizo perfectamente cuberto no noso Concello, o alcalde decide destinar estes fondos á contratación directa e quérolles dicir que contratación directa que ten que seguir incidindo en que o noso alcalde, Abel Caballero, foi quen a través do Plan Municipal de Emprego e dos programas do Plan ZP 2009-2010 de que na nosa cidade houbera 11.627 contratos. De aí que neste período houbera menos desempregados na nosa cidade. Se a Xunta de Galicia respondera na mesma medida poderíamos falar de que a nosa cidade estaría moito mellor atendida.

Se atendemos á política que fai a Xunta de Galicia en todo pero fundamentalmente en emprego, vemos os datos: 236.449 persoas en desemprego en Galicia, das que 28.000 son da nosa cidade. É o maior número de galegos e galegas en paro que tivemos dende que existen rexistros, o maior número de desempregados dáse co Partido Popular dende que hai rexistros. Ademais eu teño que incidir aquí que incrementa a débeda en 1.800 millóns ata os 5.800.000 de débeda que é un récord absoluto de débeda para un goberno. En escaso ano e medio incrementa a débeda nun 50% e todo isto sen atender o emprego.

Temos que concluír polo tanto con que vostedes, señores do Partido Popular,

teñen que pedir tamén polo resto de programas que nos denegaron, non ver só este programa, senón todos os programas que a Xunta denegou.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Señores do partido Socialista, que nos están contando? Todo o mundo sabe que os socialistas son fabricantes de parados e que cando governa o Partido Popular se crea emprego. Neste Concello nós deixamos a taxa de desemprego nun 8%, agora está preto do 16%.

O balance de xestión na área de emprego neste Concello non pode ser peor, é un verdadeiro escándalo, peor imposible.

Na lexislatura pasada en corenta e catro días con diálogo e con consenso nós aprobamos un Plan Municipal de emprego que vostedes tardaron dez meses en aprobar nesta lexislatura e malia que aínda ten vixencia ata o 31 de decembro de 2011, van telo que cambiar posto que o Servizo de Atención ó Emprendedor era unha das pezas angulares dese programa. Nese Plan de Emprego ven recollido que ten que haber sete técnicos e que é unha forma de crear e fomentar o auto emprego.

En segundo lugar non foron capaces nin sequera de executar os programas municipais de emprego, nin tampouco de executar os programas de cooperación da Xunta de Galicia. O ano pasado deixaron 800.000 euros sen gastar da Xunta de Galicia. Para que queren máis diñeiro se non son quen do gastar? Perdéronse millóns de euros en axudas por non presentar ou por non xustificar correctamente as solicitudes. Vostedes convocan procesos de selección, con anuncios en prensa incluídos, e cando os seleccionados van asinar os contratos vostedes néganse a firmalos. Sr. Rodríguez Díaz incumpriron acordos aprobados por unanimidade neste pleno. Lembre que eu trouxen aquí unha moción para activar o servizo de creación de empresas por internet; lembre que instamos a realizar o día do emprendedor. Vostedes non cumpriron con este Pleno aínda que votaron a favor por unanimidade. Non lles deu a gana de abrir o viveiro de empresas para mulleres que a Sra. Porro lles deixou só para inaugurar.

Sabendo que o principal problema da cidade é o desemprego a verdade é que non se entende como non poñen en marcha novos servizos e ademais os servizos que están funcionando péchanos por puro capricho político.

E non me diga que hai moitas outras institucións atendendo ó emprendedor porque moitas delas son privadas como vostede mesmo dixo.

Ademais o Servizo de Orientación Laboral, que di vostede que non está pechado, si que o está porque non dan citas e non hai orientación laboral individualizada. Hai unha orientación laboral en grupo que non ten nada que ver coa orientación laboral que un desempregado necesita.

Gran parte da mocidade usuaria do Servizo de Atención ó Emprendedor son desempregados mozos que se queren montar pola súa conta.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Fidalgo Iglesias, instando manter aberto o Servizo de Atención a Emprendedores (SAE) e reabrir o Servizo de Orientación Laboral (SOL), co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.3.- (324).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A POSTA EN MARCHA DE TODOS OS CONTEDORES SOTERRADOS. EXPTE. 97/1101.

ANTECEDENTES.- O concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, por escrito con rexistro de entrada na Secretaría do Pleno núm. 97 do 15 de decembro, formula a seguinte moción:

“A situación que atopamos na cidade coa recollida selectiva de lixo na maioría dos puntos da cidade, segue a resultar lamentable e insuficiente cara ao servizo que deben ter os cidadáns.

A piques de rematar o mandato, son moitas as illas de reciclaxe que se atopan fóra de servizo e supoñen un desprezo do goberno a manter un servizo imprescindible para os veciños e veciñas ademais de resultar medio ambientalmente deplorable o estado que ofrecen. Dende illas sen limpar ata residuos no súa base.

Denunciado polo Partido Popular reiteradamente, a estas alturas o engano á cidadanía non pode esperar máis. Primeiro foi a maquinaria que non funcionaba, logo a empresa de mantemento que non operaba e agora o desleixo dun goberno que loce a escoba de prata e ten completamente abandonada a collida selectiva dos contedores soterrados.

Os veciños están cansos de aguantar esta situación, que demostra o total abandono dos responsables políticos nun tema tan importante como o que estamos a falar. Vigo merece ter un servizo en condicións e acorde co que desembolsa coas taxas e impostos que paga.

Por todo isto o GM do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo.

Poñer a maior brevidade posible a posta en marcha de todos os contedores soterrados do municipio e proceder co presuposto do novo ano á instalación da maquinaria nos lugares baleiros destinados a ese fin.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 20 de decembro, ditamina favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Bos días. Aínda que son o último tamén lles desexo unhas felices festas.

Traemos aquí un tema que coido que é importante para o medio ambiente da cidade e, aínda que non son vostedes moi sensibles niso, imos tratar de que si o sexan.

Dende a entrada do goberno do Partido Socialista nesta cidade representado por D. Abel Caballero, na cidade de Vigo non houbo unha política de reciclaxe e medio ambiente. A Concellería de Limpeza e de Xardíns foi un verdadeiro desastre e os colectores soterrados unha odisea.

Isto non o digo eu, dio a propia concelleira de Xardíns e de Limpeza de entón,

Sra. Abelairas, que no ano 2007 dicía nun xornal local que “A limpeza de xardíns clama ó ceo”. No mesmo ano a mesma concelleira dicía que “A recollida de residuos en Vigo é claramente mellorable”. É dicir a mesma concelleira dicía da súa propia xestión que “é un desastre”, dicíao ela mesma que non eu. No ano 2008 dicía que os 130 colectores soterrados que había na cidade se manterían pechados durante catro meses por unha falta dunha empresa de mantemento para as trinta e nove illas que había daquela. Unha empresa que había daquela que non se contratou e que xa diremos ata cando non se contratou.

A Sra. Abelairas en ningún momento puido tomar medidas para poder poñer en funcionamento eses colectores soterrados, nin tampouco facer o contrato coa empresa de mantemento e todo porque a cesaron.

Logo foi a Sra. Díaz quen asumiu todo iso e o que dixo tan pronto entrou foi: “Supervisarei de noite a limpeza da cidade”, dixo tamén que ía visitar toda a cidade de noite. Eu coido que non o está a facer porque de seren así vería o gran prexuízo e os danos que lle están causando á cidade ter os colectores en superficie.

Cando no 2008 a Sra. Díaz tomou posesión da Concellería de Limpeza e Xardíns, dixo que os colectores soterrados se ían poñer en funcionamento en dous meses e tamén dixo que ía aumentar o número porque consideraba que eran positivos para a cidade. A finais de 2008 e principios de 2009, o 16% dos colectores soterrados da cidade estaban fóra de servizo, pero non só iso senón que o máis lamentable é que no 2010 o 50% dos colectores soterrados desta cidade están fóra de servizo.

O servizo de mantemento que dicía no ano 2007 a Sra. Abelairas que era necesario para poñer en funcionamento as trinta e nove illas, contratouse no ano 2010, é dicir, tardaron vostedes tres anos en poñer en funcionamento estes colectores soterrados. A isto se lle chama falta de xestión.

Gastaron vostedes diñeiro no 2009 para colocar os colectores soterrados na cidade e a verdade é que o servizo non se chegou executar. Non sabemos para que están utilizando o diñeiro de moitos deses colectores porque a uns lles están a colocar a maquinaria pero no que respecto ós outros só están facendo o oco para colocalos nun futuro, aínda que o alcalde di que eses colectores son pouco

fiabes, pouco seguros e teñen moitas avarías. Nesta cidade temos vinte e tres ocos na zona de Povisa nos que non hai maquinaria e vinte e sete na zona de Travesía de Vigo. Onde está todo ese diñeiro?

Dende que gobernan o PSOE e o Bloque en coalición aquí fai falta máis xestión, precísase máis maquinaria e que se conecten os colectores porque debido a unha falla de xestión por parte da concelleira non temos estes colectores soterrados na cidade de Vigo.

O que teñen que facer é poñerse a realizar todas as acometidas necesarias para poñer en servizo todos os colectores soterrados da cidade e naqueles onde só hai un oco, colocar a maquinaria necesaria para poder prestar o servizo a todos os cidadáns. Non é que non haxa maquinaria nestes ocos por falta de liquidez, nin porque estean avariadas ou se avaríen con frecuencia, senón que foi polo malgasto do alcalde na realización das obras xa que destinou o diñeiro dos colectores soterrados para outras cousas que non sabemos cales son.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: En primeiro lugar aclararlle ó Sr. Martiño que se realmente está preocupado polo medio ambiente e polas zonas verdes lle inste á Xunta de Galicia a que remate a zona verde de Navia que levamos agardando por ela máis de dous anos.

Por outra banda e con respecto á limpeza da cidade, está claro que quen non pasea é vostede porque a cidade está máis limpa que nunca e demostra a “Vasoira de Platino” que acaba de recibir este Concello como proba do seu estado de limpeza. Non lle vou relatar aquí todas as xestións que fixemos en limpeza para mellorar a limpeza pésima que vostedes nos deixaron na cidade.

Pero con respecto á maquinaria, fágolle unha pregunta: eses ocos, esa maquinaria que falta, que nos insta que instalemos, cal é? A que non puxo a Sra. Porro? Maxino que é esa porque eu lle lembro que cando estaba o Sr. Pérez Touriño na Xunta de Galicia subvencionou a instalación de colectores soterrados na cidade gobernando a Sra. Porro. Iso si, a Sra. Porro decidiu instalalos só no centro e deixou rúas como a da Travesía de Vigo da que vostede falaba sen colectores soterrados. Pero é que a Deputación tamén subvencionou os colectores soterrados nesta cidade, tamén no centro por suposto.

A miña pregunta é cando a Xunta de Núñez Feijóo e cando a Deputación van instalar colectores soterrados nesta cidade gobernando D. Abel Caballero? Canto van subvencionar? Porque antes falabamos dos escasos investimentos da Xunta de Galicia, do escaso investimento da Deputación e aquí estamos falando de relativamente poucos cartos para a Xunta de Galicia e para a Deputación. Sabe canto investiu a Xunta de Galicia en colectores soterrados dende que está Núñez Feijóo? Cero. Sabe canto investiu a Deputación en colectores soterrados dende que está gobernando na cidade D. Abel Caballero? Cero.

Falábamos antes de discriminación e dicía o Sr. Figueroa que somos uns *confrontadores*. Non, nós falamos de realidades, falamos de que cando governa nesta cidade D. Abel Caballero a Xunta de Galicia esquécese de nós e a Deputación esquécese de Vigo e en temas tan nimios para a Xunta de Galicia como poden ser os colectores soterrados. A Sra. Porro tivo cartos para instalar colectores soterrados, cartos que proviñan da xunta de Galicia e da Deputación e aínda así tamén deixou ocos. Que diga entón ela onde levou os cartos porque se a Xunta e tamén a Deputación lle deron diñeiro e aínda así quedaron ocos sen poñer, onde levou a Sra. Porro os cartos?

Vostedes recibiron ese financiamento pero non fixeron nada. Recibiron os cartos, puxeron os equipos e mal instalados, con defectos construtivos e hai cartas das empresas instaladoras que din: “Existen problemas derivados do funcionamento das mesmas en condicións extremas de sucidade, acumulación de residuos e falta de mantemento”. Está dicíndollo a eles e din: “Infórmase ó Concello de Vigo da necesidade de facer labores de mantemento e limpeza”. Estes traballos non se realizaron en ningún caso, en ningunha illa instalada, mesmo naquelas instaladas dende hai máis de dous anos, mesmo coa consecuencia de perder a garantía do fabricante. Iso é o que facían eles. Non fixeron absolutamente nada.

Nós fixemos ese contrato de mantemento e investimentos no primeiro ano 55.000 euros en Velázquez Moreno, seguimos con 40.000 euros na Praza de Compostela, en García Olloqui, en Uruguai, en González Sierra, en Concepción Arenal, en Marqués de Valladares; todos estragados pola falta de mantemento do Partido Popular. Atopámonos con este informe que teño de xuño de 2007, é dicir, nada máis chegar aquí, onde se di que todos estaban cheos de lixo, todos con

instalacións deterioradas e mesmo con cables rotos. Iso foi o que nos atopamos, foi o que nos deixou o Partido Popular.

A partir de aquí, neste momento están todos coa posta de funcionamento e o que nos falta é que a Deputación e a Xunta invistan en colectores soterrados porque xa sabemos que nin unha, nin a outra institución están investindo nesta cidade, pero como van investir en colectores soterrados se non se ven? Ese é o problema. Non invisten no que se ve e por suposto non queren investir no que non se ve.

Se fosen realmente concelleiros de Vigo esta moción tería que dicir: “Instar á Xunta de Galicia e á Deputación a que subvencionen a instalación de colectores soterrados na cidade”. Esa tiña que ser a moción dun concelleiro de Vigo e non dun defensor da xunta de Galicia ou da Deputación porque os que están sentados fronte min son defensores da Xunta e dunha Deputación que están en contra de Vigo. Non, vostedes deben ser defensores da cidade e por iso ímoslles votar que si pero sabendo que a esta moción lle falta unha frase que é “Que a Xunta e a Deputación sigan investindo nos colectores soterrados da cidade”.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Sra. Díaz, vostede tivo 90 millóns de euros nesta cidade para poder instalar os colectores soterrados e non o fixeron en setenta ocos porque hai setenta ocos e a maquinaria suficiente para lles poder dar servizo ós cidadáns.

Falou de limpeza, pero a limpeza son os colchóns tirados ó carón dos colectores nas rúas de Vigo. Coido que vostede pasea pouco por esta cidade e non ten coñecemento do que sucede nela porque o que hai son unhas rúas cheas de floreiros que en troques de seren testos son colectores de plástico que rebordan lixo como se fosen plantas. Iso é o que hai e o que ten que facer este goberno de Abel Caballero é poñer en funcionamento o 50% dos colectores soterrados que por tres causas non están funcionando.

A primeira porque non teñen as instalacións eléctricas necesarias, a alguén esquecéuselle colocar os cables. Segunda, porque non están conectados á rede eléctrica da cidade e a terceira porque non teñen os seguros obrigatorios. Eses son os seus colectores, os que vostede colocou nalgunhas rúas, a maquinaria que

vostede puxo. Noutros casos só se fixo o oco e así dos 90 millóns que había que vostedes estiveron arranxando as rúas, gastárono en sabe Deus que, non o sabemos.

O que está claro que os colectores soterrados presupostados non están realizados e o que temos son setenta ocos en rúas novas, nas rúas que vostedes arranxaron; setenta ocos que non maquinaria e así non se lles pode dar servizo ós cidadáns. Onde está ese diñeiro? Investiuse en máis lousas? A vostedes non lles importa o medio ambiente da cidade aínda que o alcalde estea orgulloso de seren o presidente da Rede de Cidades polo Clima. O único que lles importa a vostedes é como gastar o diñeiro dos cidadáns de Vigo, como endebedar ós cidadáns de Vigo e subir o recibo do lixo na cidade de Vigo que subiu un 8,12%.

En resumidas contas, Sra. Díaz, o que ten que facer vostede é poñerse a traballar para ter a cidade do futuro, a cidade do século XXI, unha cidade de Vigo que sexa limpa, coidada, saneada, respectuosa co medio ambiente e retirar todos os colectores en superficie que temos na cidade de Vigo.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Martiño Gómez, instando a posta en marcha dos contedores soterrados e instalación da maquinaria nos lugares baleiros para ese fin, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓN URXENTES

5.- (325).- FORMULACIÓN DE ROGOS.

6.- (326).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

Non se presentaron.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e vinte minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.